

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE UNIVERSIDADES

15781 *Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade.*

O Sistema universitario español, hai xa máis dunha década, emprendeu unha reforma da súa oferta formativa e da organización desta, ao adoptar os principios que constituían a esencia do espazo europeo de educación superior (EEES).

Así, a adaptación dunha estrutura cíclica configurada polo grao, o máster e o doutoramento, que, consecutivamente, ía incorporando unha formación máis especializada en termos de empregabilidade ou de investigación, completouse en todas as universidades que conforman o Sistema universitario español.

De igual modo, os principios en que se fundamenta o EEES implicaban construír o estadame dunha formación universitaria focalizada no estudantado e nas súas competencias, entendidas estas como o conxunto de coñecementos, capacidades e habilidades academicamente relevantes, que lle confire o título universitario alcanzado. Estas competencias permiten ao estudantado a súa inserción no mundo laboral e, loxicamente, formar parte activa da sociedade. Desta forma, progresivamente, en gran parte de Europa, a oferta académica universitaria foi converxendo arredor desa estrutura organizativa cíclica.

Xunto cunha nova estruturación dos estudos e a incorporación dun enfoque formativo centrado nas competencias do estudantado, cabe sinalar dous principios máis que sustentan o grande acordo que é o EEES. O primeiro estriba en asumir a necesidade de impulsar unha docencia máis activa, baseada nunha metodoloxía de ensino–aprendizaxe, na cal a clase maxistral debe compartir protagonismo con outras estratexias e formas de ensinar e aprender, que buscan reforzar a capacidade de traballo autónomo do estudantado, e que ten no uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación un dos seus principais piares. O segundo radica en promover e facilitar a mobilidade internacional do noso estudantado cara á súa estadía noutras universidades no estranxeiro, especialmente noutros países europeos. Para conseguir este obxectivo adoptouse o modelo común de cómputo do tempo de dedicación académica en créditos do Sistema europeo de transferencia e acumulación de créditos (ECTS, na súa sigla en inglés).

Estas propostas desenvolvéronse co obxectivo final de que as persoas egresadas, como profesionais dos diversos campos do coñecemento, puidesen ingresar con garantías nos mercados laborais locais e globais. Ao mesmo tempo, refórzase a formación dos e das universitarias para exercerem como cidadáns e cidadás libres, críticos e comprometidos nas nosas sociedades democráticas.

Estes cambios na actividade docente das universidades producíronse no medio de importantes transformacións das estruturas económicas, sociais, políticas e culturais que afectaron, dunha ou doutra forma, a globalidade das sociedades, e que, entre outros, tiveron como gran vehículo a revolución tecnolóxica que trouxo a innovación dos sistemas de información e comunicación a través da súa dixitalización. Estes procesos complexos acabaron afectando directa e indirectamente o mundo educativo e, especialmente, o universitario –abrindo oportunidades e xerando novas problemáticas ou agudizando algunhas preexistentes–. Así, unha sociedade en permanente mutación demanda á universidade unha resposta cada vez máis rápida e flexible das necesidades de formación de profesionais acorde con esas mudanzas. Ao mesmo tempo, demanda que eses e esas profesionais xurdidos das universidades sexan capaces de liderar as ditas transformacións para construír colectivamente unha sociedade aberta ao cambio,

económica e ambientalmente sustentable, tecnoloxicamente avanzada, socialmente equitativa, sen ningún tipo de discriminación por cuestións de xénero, orixe nacional ou étnica, idade, ideoloxía, relixión ou crenzas, enfermidade, clase social, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, e claramente aliñada cos obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS). Asemade, unhas sociedades en mutación requiren de novos coñecementos científicos, tecnolóxicos, humanísticos e artísticos que se transfiran ao estudantado durante o proceso de ensino e aprendizaxe e permitan obter unha formación integral.

De aí a necesidade de redefinir a organización e as estruturas das ensinanzas universitarias oficiais, recollidas neste real decreto, atendendo á experiencia acumulada no transcurso desta década de implementación do EEES nas institucións de educación superior do país e tendo moi presentes as demandas dunhas sociedades locais e globais crecentemente interconectadas e caracterizadas por uns mercados laborais en reestruturación.

Neste sentido, o despregamento do EEES en España, que se anunciou xa no artigo 37 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e foi posteriormente ratificado na Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, concreouse no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se estableceu a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, que até este momento foi obxecto de até nove modificacións de diversa entidade; a máis recente foi a levada a cabo mediante o Real decreto 103/2019, do 1 de marzo, polo que se aproba o Estatuto do persoal investigador predoutoral en formación.

Este cúmulo de modificacións na ordenación das ensinanzas universitarias oficiais en España fai necesaria e proporcional unha nova norma que, garantindo o principio de seguridade xurídica no funcionamento do Sistema universitario español, avance nunha organización adaptada ás demandas da sociedade e aos cambios disruptivos que se desenvolven na economía e na tecnoloxía, así como máis flexible nos seus compoñentes e estrutura, e que, ao mesmo tempo, favoreza a necesaria innovación efectiva na docencia.

Esta organización debe facilitar o exercicio efectivo da autonomía universitaria na planificación e definición das características da súa oferta académica. E, de igual forma, debe posibilitar a ordenación da oferta de títulos universitarios oficiais por parte das comunidades autónomas no exercicio das súas competencias, xa que interrelaciona as demandas cambiantes da sociedade e as iniciativas académicas universitarias.

A estes obxectivos súmanse outros dous que se deben considerar como importantes. En primeiro lugar, a nova regulación busca fortalecer a confianza da comunidade universitaria e da sociedade no seu conxunto nos procedementos establecidos para garantir a calidade da oferta académica de todo o Sistema universitario, tanto o de natureza pública como o privado. Dito doutra maneira, a sociedade debe estar segura de que todos os títulos universitarios oficiais de grao, máster e doutoramento en España son de calidade contrastable. En segundo lugar, preténdese robustecer as capacidades de empregabilidade que confire a formación recibida en diferentes títulos, a partir das competencias e coñecementos asumidos, así como mediante un amplo abano de opcións académicas, coa vontade de facilitar aos egresados universitarios unha inserción laboral digna e de calidade. Esta vontade de cambio sempre debe ir acompañada do rigor e solidez académica da oferta universitaria.

Este real decreto mantén a estrutura básica da oferta académica, actualmente vixente, configurada en tres etapas: grao, máster e doutoramento. Neste sentido, consolida que os graos sexan de 240 créditos –coa única excepción daqueles que por directrices europeas deben ter 300 ou 360 créditos–. Esta é, pois, a estrutura esencial do modelo universitario español: graos de 240 créditos, másters de 60, 90 e 120 créditos, e o doutoramento ao cal se accede unha vez superados os 300 créditos nas dúas etapas formativas anteriores.

Esta norma introduce unha modificación significativa ao cambiar a adscrición dos títulos de grao e máster das cinco ramas do coñecemento aos denominados ámbitos do coñecemento. Esta modificación ten un dobre obxectivo. En primeiro lugar, estes ámbitos de coñecemento son os que proporcionan as disciplinas que conforman substancialmente a formación básica que se desenvolve nos graos, garantindo así unha formación transversal e reforzando o carácter xeneralista deste ciclo. En segundo lugar, ao non seren os ámbitos do coñecemento espazos tan extraordinariamente xenéricos e amplos como o eran as cinco ramas, permiten que, garantindo a transversalidade, a oferta de disciplinas teña maior coherencia formativa o que, finalmente, beneficia nitidamente o estudantado. Os ámbitos do coñecemento propuxéronse tendo en conta en boa medida a estrutura de comisións da Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNAAI), aínda que adaptados ao feito de que se trata de actividade docente e que deben abranguer máis de oito mil títulos que actualmente compoñen a oferta universitaria oficial en España, así como, e sobre todo, agrupando tematicamente os códigos do *International Standard Classification of Education* (ISCED, 2013) da Unesco, que igualmente se utilizan no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT) e no Sistema integrado de información universitaria (SIU) ao adscribir todos os títulos de grao e de máster á dita codificación. En todo caso, serán as universidades as que proporán o ámbito onde se adscriben os seus títulos, asumindo así a súa autonomía e experiencia e liderado educativo. Para facilitar esta operación establécese un período transitorio para adaptar a adscrición das ramas actuais aos ámbitos do coñecemento e dispónse dun mecanismo eficiente para axilizar o procedemento administrativo correspondente.

De igual forma, este real decreto introduce a posibilidade de adoptar formas específicas de articulación do plan de estudos nas ensinanzas oficiais e, por tanto, de singularizar o seu proxecto académico. Xunto con estas novidades, achégase por primeira vez unha regulación básica da formación permanente desenvolvida polas universidades que ordena este importante espazo educativo no cal as universidades demostran o seu compromiso social, deixando unha ampla marxe á flexibilidade, pero homoxeneizando minimamente a estrutura da dita formación e introducindo a cultura da avaliación da calidade nestes títulos.

Por outra parte, e de forma complementaria, promóvese a innovación docente de forma que esta se convirta nunha estratexia fundamental das universidades, dos centros e das coordinacións das titulacións, partindo da consideración de que o obxecto esencial do proceso educativo é ensinar e aprender, e este proceso debe adaptarse aos cambios sociais, económicos, tecnolóxicos e culturais que se desenvolven en cada momento histórico. É evidente o reto fundamental que teñen ante si as universidades de adaptar as súas formas de aprendizaxe e de ensino ás demandas dunhas sociedades en permanente mutación. Neste sentido, este real decreto abre a porta, para promovelas e visibilizalas, a que os centros emitan documentos acreditativos que acompañen o título universitario oficial e que verifiquen que toda a organización docente dunha titulación determinada se configurou a partir dunha estratexia ou proposta de innovación docente plasmada en todas as disciplinas do plan de estudos.

Por último, un dos aspectos que reformula este real decreto é todo o proceso de verificación, seguimento e acreditación dos títulos universitarios oficiais. A experiencia acumulada polas universidades durante os últimos anos, e o sólido e rigoroso traballo desempeñado polas axencias de calidade, guiou unha reformulación procedementa co obxectivo de, asegurando a calidade da oferta académica, simplificar os procesos administrativos e a documentación necesaria, para focalizárense estes naqueles temas que efectivamente constitúen o núcleo do proxecto académico formativo que é un título universitario oficial de grao, máster ou doutoramento. Neste sentido, a avaliación institucional dos centros configúrase como unha peza esencial na engrenaxe do aseguramento da calidade da oferta formativa universitaria ao apoderar os sistemas internos de garantía da calidade coa orientación e guía das axencias, seguindo as

propostas que se desenvolven na maioría dos países do EEES, e ao promover unha desburocratización dos procedementos implicados nel.

O articulado da presente norma estrutúrase en oito capítulos que agrupan trinta e sete artigos. O capítulo I e o capítulo II, referidos ás disposicións xerais e á organización das ensinanzas universitarias, formula os obxectivos do real decreto, o seu ámbito de actuación e os principios que deben rexer a organización e estruturas das ensinanzas universitarias. O capítulo III, pola súa parte, aborda a organización das ensinanzas universitarias oficiais de grao. O capítulo IV e o capítulo V desenvolven esa mesma organización, pero centradas no máster universitario e no doutoramento, respectivamente. O capítulo VI versa sobre as estruturas específicas curriculares que poden adoptar nas ensinanzas universitarias. O capítulo VII establece a verificación, seguimento e renovación da acreditación e a modificación dos títulos universitarios oficiais. Finalmente, o capítulo VIII focaliza a súa atención nunha regulación básica das ensinanzas propias implementadas polas universidades.

Por último, a parte final da norma consta de catorce disposicións adicionais, oito disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e seis disposicións derradeiras, ademais de dous anexos, que completan o acervo normativo deste real decreto.

O real decreto axústase aos principios de boa regulación contidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, responde ao principio de necesidade, en canto que neste preámbulo xa se puxo de relevo a necesidade de redefinir a organización e as estruturas das ensinanzas universitarias, tendo presente a experiencia acumulada no transcurso da última década co desenvolvemento do EEES, e, así mesmo, respondendo ás demandas dunhas sociedades locais e globais en mutación, permanentemente interconectadas e cuns mercados laborais en permanente transformación, que requiren novos coñecementos científicos, tecnolóxicos e humanísticos. Estes transfírense ao estudantado a través do proceso de ensino e de aprendizaxe, co obxectivo de alcanzar unha formación integral e acceder a unha mellor inserción profesional e laboral. En relación cos principios de eficacia, seguridade xurídica e eficiencia, a nova norma proporciona un novo marco regulatorio que proporciona claridade e simplifica moitos dos procedementos que rexían nesta materia; resulta, polo demais, coherente co ordenamento xurídico e permite unha xestión máis eficiente dos recursos públicos. Respecto ao principio de proporcionalidade, a norma establece a regulación imprescindible para atender a necesidade que se quere cubrir e non existe ningunha alternativa regulatoria menos restritiva de dereitos. Por último, en canto ao principio de transparencia, a norma define claramente os seus obxectivos e xustificación no preámbulo e durante o procedemento de elaboración da norma permitiuse a activa participación dos potenciais destinatarios a través dos trámites de consulta pública e de audiencia e información pública.

Este real decreto dítase de acordo co título VI da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, e en uso da habilitación de desenvolvemento regulamentario a favor do Goberno efectuada pola disposición derradeira terceira da dita lei orgánica. Así mesmo, o artigo 22 dítase, parcial e exclusivamente nos seus aspectos formativos, de acordo co artigo 11.3 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, e en uso da habilitación de desenvolvemento regulamentario efectuada nel.

O presente real decreto ampárase no disposto nas regras 1.^a e 30.^a do artigo 149.1, que atribúen ao Estado a competencia exclusiva para a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais, e a competencia exclusiva para a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e as normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución española, co fin de garantir o cumprimento das obrigacións dos poderes públicos nesta materia educativa, respectivamente.

Sobre este real decreto emitiron informe o Consello de Universidades, o Consello de Estudantes Universitarios do Estado e a Conferencia Xeral de Política Universitaria.

Durante o proceso de elaboración foron, ademais, consultadas as axencias de aseguramento da calidade, a Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Españolas (CCS), a Conferencia de Reitores das Universidades Españolas, e outras asociacións e organizacións representativas da educación universitaria en España

Na súa virtude, por proposta do ministro de Universidades, coa aprobación previa da ministra de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de setembro de 2021,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto o establecemento da organización e da estrutura das ensinanzas universitarias, a partir dos principios xerais que definen o espazo europeo de educación superior (EEES). Ao mesmo tempo, ordena a oferta académica oficial e a oferta doutros títulos, especificamente a referida á formación permanente, e regula as estruturas curriculares específicas e as prácticas académicas externas que as universidades poderán incorporar aos seus plans de estudos.

2. Este real decreto, de igual modo, fixa as directrices, as condicións e os procedementos de aseguramento da calidade dos plans de estudos cuxa superación permite a obtención de títulos universitarios oficiais con validez en todo o territorio nacional. Os ditos procedementos concréntanse na verificación do plan de estudos como requisito para a acreditación inicial do título e a súa inscrición no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT), así como no seguimento, na modificación e na renovación da acreditación xa outorgada.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto ten como ámbito de aplicación as ensinanzas universitarias oficiais de grao, máster universitario e doutoramento, así como outras ensinanzas universitarias, especificamente a formación permanente, impartidas polas universidades do Sistema universitario español e que se definirán como títulos propios.

CAPÍTULO II

Organización das ensinanzas universitarias

Artigo 3. *Títulos universitarios oficiais.*

1. Os estudos universitarios que conducen á obtención de títulos oficiais impartidos polas universidades estrutúranse en tres ciclos, denominados respectivamente grao, máster e doutoramento, de acordo co establecido no artigo 37 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

A súa superación conforme o correspondente plan de estudos, no caso de grao e máster, ou programa, no caso de doutoramento, dará lugar á obtención dos títulos universitarios oficiais de grao, máster universitario e doutoramento, respectivamente.

2. Os títulos universitarios oficiais deberán inscribirse no RUCT do Ministerio de Universidades, de acordo co disposto no Real decreto 1509/2008, do 12 de setembro, polo que se regula o Rexistro de Universidades, Centros e Títulos.

3. Todos os títulos universitarios oficiais de grao e de máster universitario deberán adscribirse a un dos ámbitos do coñecemento relacionados no anexo I, no momento de

inscrición no RUCT. Así mesmo, este ámbito de coñecemento deberá incluírse na memoria do plan de estudos durante o proceso de verificación.

4. Os títulos universitarios oficiais de grao, máster universitario e doutoramento acreditan a cualificación nos niveis en que se estrutura o Marco español de cualificacións para a educación superior (MECES) regulados polo Real decreto 1027/2011, do 15 de xullo, polo que se establece o Marco español de cualificacións para a educación superior.

Artigo 4. Principios reitores no deseño dos plans de estudos dos títulos universitarios oficiais.

1. Os principios xerais que deberán inspirar o deseño dos plans de estudos dos títulos universitarios oficiais son os seguintes:

- a) o rigor académico do proxecto formativo que implica un ensino universitario;
- b) a concordancia co cariz xeneralista ou especializado dos ciclos en que se inscribe o ensino;
- c) a coherencia entre os obxectivos formativos do plan de estudos, as competencias fundamentais que se perseguen e os sistemas de avaliación da aprendizaxe do estudantado establecidos;
- d) a súa comprensibilidade social.

2. Así mesmo, os ditos plans de estudos deberán ter como referentes os principios e valores democráticos e os obxectivos de desenvolvemento sustentable e, en particular:

- a) o respecto aos dereitos humanos e dereitos fundamentais; os valores democráticos –a liberdade de pensamento e de cátedra, a tolerancia e o recoñecemento e o respecto á diversidade, a equidade de todas as cidadás e de todos os cidadáns, a eliminación de todo contido ou práctica discriminatoria, a cultura da paz e da participación, entre outros–;
- b) o respecto á igualdade de xénero atendendo ao establecido na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e de homes, e ao principio de igualdade de trato e non discriminación por razón de nacemento, orixe nacional ou étnica, relixión, convicción ou opinión, idade, discapacidade, orientación sexual, identidade ou expresión de xénero, características sexuais, enfermidade, situación socioeconómica ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social;
- c) o respecto aos principios de accesibilidade universal e deseño para todas as persoas, de conformidade co disposto na disposición derradeira segunda do texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro;
- d) o tratamento da sustentabilidade e do cambio climático, de conformidade co disposto no artigo 35.2 da Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.

3. Estes valores e obxectivos deberán incorporarse como contidos ou competencias de carácter transversal, no formato que o centro ou a universidade decida, nas diferentes ensinanzas oficiais que se oferten, segundo proceda e sempre atendendo á súa natureza académica específica e aos obxectivos formativos de cada título.

Artigo 5. Plans de estudos dos títulos universitarios oficiais.

1. Os plans de estudos estruturan os obxectivos formativos dun título universitario oficial, os coñecementos e contidos que se pretenden transmitir, as competencias e habilidades que o caracterizan e se persegue dominar, as prácticas académicas externas que reforzan o seu proxecto formativo e o sistema de avaliación da aprendizaxe do estudantado matriculado no dito título.

2. O plan de estudos nas ensinanzas de grao e de máster universitario estrutúrase en cursos de 60 créditos académicos do Sistema europeo de transferencia de créditos (ECTS, na súa sigla en inglés), secuenciándose desde o primeiro até o último curso, até cumprir a totalidade de créditos que definen o título. Exceptúanse desta regra aqueles másters que teñan un plan de estudos cunha carga total de 90 créditos e, en tal caso, permítese que un dos cursos sexa de 30 créditos.

3. Os plans de estudos das ensinanzas universitarias oficiais serán elaborados polas universidades, de acordo coa normativa vixente e aprobados polos seus órganos de goberno, e formarán parte da memoria que as universidades presenten para a súa verificación.

4. A memoria para a solicitude de verificación do plan de estudos dun título universitario debe ter a estrutura, contido e extensión que se indica no anexo II deste real decreto. No caso dos programas de doutoramento, a memoria será a establecida polo Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento. Para producir plenos efectos e contar co carácter de título universitario oficial, a memoria do plan de estudos deberá ser verificada polo Consello de Universidades. Verificado o plan de estudos polo Consello de Universidades, seguirase a tramitación conforme o establecido no artigo 27.

5. As universidades españolas, ou con outra ou outras estranxeiras, poderán propor un plan de estudos conxunto conducente a un título universitario oficial de grao, máster universitario ou doutoramento, mediante a subscripción dun convenio que será incorporado á memoria que deba ser verificada. Neste convenio acordarase que universidade exercerá de coordinadora e, por tanto, será responsable da presentación da memoria nos diversos procedementos de aseguramento da calidade establecidos neste real decreto, así como a participación de cada universidade na docencia a través do seu respectivo profesorado, as normativas académicas e de avaliación que se seguirán, a responsabilidade na emisión do título e a xestión dos expedientes dos estudantes matriculados.

6. No caso de plans de estudos conxuntos de títulos universitarios oficiais en que participen universidades españolas e estranxeiras, se a institución coordinadora é unha universidade estranxeira, a universidade española participante deberá dispor dunha copia dos expedientes do estudantado que curse o dito título.

7. As universidades asegurarán a participación do estudantado nas comisións creadas especificamente para a elaboración da memoria do título de grao ou de máster universitario, que inclúe o plan de estudos, ou, se for o caso, nas comisións de estudo se é este o órgano que realiza esa función.

Artigo 6. *Programas de doutoramento.*

Os programas de doutoramento rexeranse polo disposto no Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro.

Artigo 7. *Implantación dos plans de estudos de novas ensinanzas.*

As universidades poderán implantar de forma progresiva –curso a curso– ou simultánea –para todos os cursos ou para varios, segundo os casos– os plans de estudos das titulacións universitarias oficiais, de acordo coa temporalidade prevista na memoria presentada no proceso de verificación.

Artigo 8. *Efectos académicos e expedición de títulos universitarios oficiais.*

1. Os títulos universitarios de grao, de máster universitario e de doutoramento teñen carácter oficial e son válidos en España, contan con efectos académicos e administrativos, e, no caso de que así resulte da normativa aplicable, habilitan para o exercicio de determinadas profesións reguladas.

2. A expedición dos títulos de graduada ou graduado, de máster universitario e de doutora ou doutor a que conducen a superación dos créditos dos respectivos plans de estudos e a superación do programa de doutoramento efectuaráa en nome do rei a reitora ou o reitor da universidade en que se finalizasen os estudos, de acordo coas directrices e requirimentos establecidos polo Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais.

Artigo 9. *Contabilización e cualificación do traballo académico do estudiantado.*

1. O conxunto de actividades académicas que desenvolve o ou a estudante nas ensinanzas de grao e máster medirase en créditos que seguen o formato do Sistema ECTS. Estas actividades poderán ter lugar nos espazos lectivos presenciais como aulas, laboratorios, aulas de informática e de audiovisuais, aulas de simulación, espazos especializados, ou en espazos lectivos virtuais, xa sexan sincrónicas e asincrónicas. Tamén poderán ser actividades que se realicen de forma autónoma. En calquera caso, todas elas formarán parte da planificación docente dunha materia ou disciplina, e a súa finalidade será a transmisión ordenada de coñecementos e a consecución de competencias e habilidades.

2. As actividades académicas de cada materia ou disciplina deberán ser cualificadas a teor do nivel de aprendizaxe dos coñecementos, competencias e habilidades que a ou o estudante alcanzase, e deberá expresarse de forma numérica de acordo co establecido no Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. No caso dos programas de doutoramento, seguirase o fixado no Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro.

3. A guía docente de cada materia ou disciplina que forma parte do plan de estudos dun título universitario oficial de grao ou de máster universitario, de acordo coa normativa de cada universidade, recollerá as actividades académicas teóricas e prácticas e o sistema de avaliación da aprendizaxe programado. Estas guías docentes deberán ser accesibles para o estudiantado previamente ao período oficial de matrícula, na forma en que se estableza nas normativas académicas do centro ou da universidade.

Artigo 10. *Procedementos de recoñecemento e transferencias de créditos académicos nos títulos universitarios oficiais.*

1. Os procedementos de recoñecemento e de transferencia de créditos académicos nos títulos universitarios oficiais teñen por obxecto facilitar a mobilidade do estudiantado entre títulos universitarios oficiais españoles, así como entre estes e os títulos universitarios estranxeiros. As universidades aprobarán normativas específicas para regular estes procedementos conforme o disposto no presente real decreto.

2. As universidades deberán reflectir nos plans de estudos de cada título o volume de créditos susceptibles de seren utilizados nestes procedementos, e as súas condicións e características xenéricas. Estes créditos recoñecidos ou transferidos serán recollidos no expediente do ou da estudante e no suplemento europeo do título.

3. O recoñecemento de créditos académicos fai referencia ao procedemento de aceptación por parte dunha universidade de créditos obtidos noutros estudos oficiais, na mesma ou noutra universidade, para que formen parte do expediente do ou da estudante para o efecto de obter un título universitario oficial diferente do que proceden. Neste procedemento non poderán ser recoñecidos os créditos que corresponden a traballos de fin de grao ou de máster, coa excepción daqueles que se desenvolvan especificamente nun programa de mobilidade.

4. A acreditación da experiencia profesional e laboral poderá ser recoñecida como créditos académicos utilizados para obter un título de carácter oficial. Esta opción poderá darse cando esa experiencia se mostre estreitamente relacionada cos coñecementos, competencias e habilidades propias do título universitario oficial. De igual modo, poderán

ser recoñecidos os créditos superados e cursados en estudos universitarios propios das universidades ou doutros estudos superiores oficiais.

5. O volume de créditos recoñecibles a partir da experiencia profesional ou laboral ou aqueles procedentes de estudos universitarios non oficiais (propios ou de formación permanente) non poderá superar, globalmente, o 15 por cento do total de créditos que configuran o plan de estudos do título que se pretende obter. Estes créditos recoñecidos non contarán con cualificación numérica e, polo tanto, non poderán utilizarse no momento de baremar o expediente do ou da estudante.

6. Como excepción ao establecido no parágrafo precedente, poderá superarse esta porcentaxe até chegar mesmo a recoñecerse a totalidade dos créditos que proveñen de estudos universitarios non oficiais, coa condición de que o correspondente título non oficial deixe de impartirse e sexa extinguido e substituído polo novo título universitario oficial no cal se recoñezan os créditos académicos. Neste caso, os sistemas internos de garantía da calidade velarán pola idoneidade académica deste procedemento.

7. No caso da subscripción dun convenio entre un centro de formación profesional de grao superior e un centro universitario, aprobado polo órgano de goberno da universidade e o departamento competente en materia de formación profesional da comunidade autónoma, a proporción de créditos recoñecibles nun título universitario oficial de grao poderá ser de até o 25 por cento da carga crediticia total do dito título.

8. A transferencia de créditos académicos fai referencia á inclusión, no expediente académico e no suplemento europeo ao título, da totalidade dos créditos obtidos en ensinanzas oficiais cursadas previamente, indistintamente da universidade, que non conducisen á obtención dun título universitario oficial.

9. En todo caso, especificamente para os títulos de grao deberase ter presente que:

a) Serán obxecto destes procedementos até a totalidade dos créditos de formación básica entre títulos do mesmo ámbito de coñecemento.

b) Serán obxecto destes procedementos os créditos do resto de materias e disciplinas entre títulos do mesmo ámbito de coñecemento ou de ámbitos diferentes, sempre atendendo á coherencia académica e formativa dos coñecementos, ás competencias e ás habilidades que definen as materias ou disciplinas que se van recoñecer coas existentes no plan de estudos do título a que se quere acceder.

c) Serán obxecto destes procedementos os créditos con relación á participación do estudantado en actividades universitarias de cooperación, solidarias, culturais, deportivas e de representación estudantil que, conxuntamente, equivalerán a, como mínimo, seis créditos. De igual forma, poderán ser obxecto destes procedementos outras actividades académicas que, con carácter docente, organice a universidade. En ningún caso poderán supor a totalidade os créditos obxecto do recoñecemento establecido nesta letra c) deste artigo máis do 10 por cento do total de créditos do plan de estudos.

Artigo 11. *Das prácticas académicas externas.*

1. As prácticas académicas externas constitúen unha actividade de natureza formativa realizada polos estudantes universitarios e supervisada polas universidades, cuxo obxectivo é permitir a estes aplicar e complementar os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que os preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento. O suplemento europeo ao título recollerá as prácticas realizadas polo ou pola estudante.

2. De conformidade co Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, poderanse realizar na súa modalidade curricular (e, por tanto, forman parte do plan de estudos e do proxecto formativo do título e poderanse concretar en materias ou disciplinas obrigatorias ou optativas) e na súa modalidade extracurricular.

3. A universidade garantirá o carácter plenamente formativo das prácticas académicas externas e que as condicións de realización por parte do estudantado sexan

as adecuadas e suxeitas ao seu interese formativo primordial. Dado o seu carácter formativo, da súa realización non derivarán, en ningún caso, obrigacións propias dunha relación laboral, nin o seu contido poderá dar lugar á substitución da prestación laboral propia de postos de traballo.

4. A realización das prácticas académicas externas exixirá a subscripción dun convenio de cooperación educativa entre a universidade, ou os seus centros propios e adscritos, e as entidades, empresas, organizacións sociais e sindicais ou a Administración, tal e como se prevé no artigo 7 do Real decreto 592/2014, que recollerá o proxecto formativo que desenvolven as ditas prácticas e as condicións en que se implementará.

5. A universidade deberá dispor dunha normativa específica de desenvolvemento das prácticas académicas externas, que deberá ter sido aprobada polos seus órganos de goberno. A dita normativa deberá especificar, como mínimo, os requisitos dos e das estudantes e entidades colaboradoras, o contido dos convenios de cooperación educativa, os mecanismos de seguimento e avaliación das prácticas, o recoñecemento académico das prácticas do estudante, o labor de coordinación e titorización académica, e a duración e horarios de realización das prácticas, incluídas as adaptacións necesarias para o estudantado con discapacidades e necesidades específicas de apoio educativo.

Artigo 12. *Prezos públicos das ensinanzas universitarias oficiais nas universidades públicas.*

As comunidades autónomas fixarán os prezos públicos dos títulos universitarios oficiais que ofertan as universidades públicas, dentro dos límites máximos establecidos pola Conferencia Xeral de Política Universitaria e que estarán relacionados cos custos de prestación do servizo académico, de acordo co establecido no Real decreto lei 17/2020, do 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19, que modifica, pola súa vez, o artigo 81, número 3, letra b), da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

CAPÍTULO III

Organización básica das ensinanzas universitarias oficiais de grao

Artigo 13. *Obxectivos e organización das ensinanzas universitarias oficiais de grao.*

1. As ensinanzas oficiais de grao, como ciclo inicial das ensinanzas universitarias, teñen como obxectivo fundamental a formación básica e xeneralista do e da estudante nas diversas disciplinas do saber científico, tecnolóxico, humanístico e artístico, a través da transmisión ordenada de coñecementos, competencias e habilidades que son propias da disciplina respectiva –ou das disciplinas implicadas–, e que os prepara para o desenvolvemento de actividades de carácter profesional e garante a súa formación integral como cidadáns e cidadás.

2. As axencias de aseguramento da calidade e as administracións públicas, no exercicio das súas respectivas competencias, deberán garantir a coherencia académica entre a denominación do título universitario oficial de grao e os obxectivos formativos, así como a estrutura e contidos fundamentais do plan de estudos. Así mesmo, deberán velar por que a dita denominación non induza a confusión con relación ao ciclo universitario en que se encontra nin aos obxectivos formativos que o definen, os seus efectos académicos nin, se for o caso, profesionais.

3. As ensinanzas oficiais de grao poden complementarse coa incorporación de mencións. Neste sentido, a mención ou as mencións que pode ou poden incluír os títulos de grao supoñen unha intensificación curricular ou itinerario específico sobre un aspecto formativo determinado do conxunto de coñecementos, competencias e habilidades que conforman o plan de estudos do dito título, e que complementan o proxecto formativo

xeral do grao. Unha mención terá, como mínimo, o equivalente ao 20 por cento da carga de créditos total dun título de grao. En todo caso, será condición esencial para o seu desenvolvemento que a mención ou as mencións fosen incluídas na memoria do plan de estudos.

4. O título universitario oficial obtido tras a consecución e superación dos créditos que configuran o plan de estudos será o de graduada ou graduado no título coa denominación específica que se recolla no RUCT, pola universidade que realiza a expedición. O título incorporará a mención respectiva, se a houber. No caso dos títulos universitarios conxuntos deberá, así mesmo, aparecer a denominación da outra ou das outras universidades que participen.

5. Os títulos universitarios oficiais de grao teñen un nivel equivalente ao MECES 2. Ademais, aqueles graos que dispoñan de directrices europeas específicas que teñan ao menos 300 créditos ECTS e deles 60 sexan concordantes cos requisitos formativos correspondentes a un máster, obterán un nivel equivalente ao MECES 3, para o cal a universidade ou as universidades que promoven o dito título deberano solicitar ao Consello de Universidades, a través da Secretaría Xeral de Universidades, de acordo co procedemento establecido na disposición adicional décima.

Artigo 14. *Directrices xerais para o deseño dos plans de estudos das ensinanzas de grao.*

1. Os plans de estudos conducentes á obtención dun título de graduada ou graduado terán 240 créditos ECTS, salvo aqueles que estean suxeitos a lexislación específica ou polas normas do dereito da Unión Europea a ter 300 ou 360 créditos. A súa estrutura secuencial queda fixada en 60 créditos por curso e grao. Exceptuaranse desta consideración as titulacións conxuntas internacionais xurdidas no marco das convocatorias do Programa de universidades europeas da Comisión Europea e aquelas outras a que se refire a disposición adicional sexta deste real decreto.

2. O deseño do plan de estudos deberá explicitar toda a formación teórica e práctica que o estudantado deba adquirir no seu proceso formativo, estruturada mediante materias ou disciplinas básicas, materias ou disciplinas obrigatorias ou optativas, e o traballo de fin de grao (TFG), e poderán incorporar prácticas académicas externas, así como seminarios, traballos dirixidos ou outras actividades formativas.

3. A memoria de verificación do plan de estudos dun título universitario oficial de grao e o suplemento europeo ao título deberán, explicitamente, recoller o ámbito de coñecemento en que se inscribe o título.

4. Os plans de estudos de 240 créditos incluírán un mínimo de 60 créditos de formación básica. Deles, ao menos a metade estarán vinculados ao mesmo ámbito de coñecemento en que se inscribe o título, e o resto estarán relacionados con outros ámbitos do coñecemento diferentes ao que se adscribiu o título e deberán concretarse en materias ou disciplinas cun mínimo de 6 créditos cada unha, que, así mesmo, deberán ser ofertadas na primeira metade do plan de estudos. Os créditos restantes deberán estar configurados por outras materias ou disciplinas que reforcen a amplitude e solidez de competencias e coñecementos do proxecto formativo que constitúe o grao. Nos títulos de grao de 300 e 360 créditos a formación básica incluírá un mínimo de 75 e 90 créditos, respectivamente.

5. No caso de que o plan de estudos incorpore a realización de prácticas académicas externas curriculares, estas terán unha extensión máxima equivalente ao 25 por cento do total dos créditos do título, con excepción daqueles graos que polas normas do dereito da Unión Europea deban ter outra porcentaxe, e deberán ofrecerse preferentemente na segunda metade do plan de estudos. Desta norma quedan, así mesmo, exceptuados os graos que inclúan a mención dual, regulados no artigo 22, cuxa extensión estará entre o 20 e o 40 por cento dos créditos en títulos de grao.

6. O traballo de fin de grao, de carácter obrigatorio e cuxa superación é imprescindible para a obtención do título oficial, ten como obxectivo esencial a demostración, por parte do ou da estudante, do dominio e aplicación dos coñecementos,

competencias e habilidades definitorios do título universitario oficial de grao. Este traballo de fin de grao disporá dun mínimo de 6 créditos para todos os títulos, e un máximo de 24 créditos para os títulos de 240 créditos, de 30 créditos nos títulos de 300 créditos e de 36 créditos nos títulos de 360 créditos. Deberá desenvolverse na fase final do plan de estudos, seguindo os criterios que cada universidade ou centro estableza. Así mesmo, os traballos de fin de grao deberán ser defendidos nun acto público, seguindo a normativa que, para tal efecto, estableza o centro ou, se for o caso, a universidade.

7. Os estudos oficiais de grao poderán impartirse en modalidade docente presencial, na híbrida (ou semipresencial) e na virtual (ou non presencial). Os plans de estudos deberán incorporar a modalidade docente elixida, dado que condiciona o desenvolvemento formativo do título.

Enténdese por modalidade docente presencial nun grao aquela en que o conxunto da actividade lectiva que enmarca o plan de estudos se desenvolve de forma presencial (interactuando o profesorado e o estudantado no mesmo espazo físico, sexa este a aula, laboratorios ou espazos académicos especializados).

Enténdese por modalidade docente híbrida nun grao aquela en que a actividade lectiva que enmarca o plan de estudos engloba disciplinas ou materias en modalidade presencial e virtual (non presencial), sempre mantendo a unidade do proxecto formativo e a coherencia en todos aqueles aspectos académicos máis relevantes –aínda que a conxugación da dobre modalidade docente implique adaptacións dos elementos académicos a estas–. A proporción de créditos non presenciais para que un título teña a consideración de híbrido será a situada nun intervalo entre o 40 e o 60 por cento da carga crediticia total do título de grao.

Enténdese por modalidade docente virtual nun grao aquela en que o conxunto da actividade lectiva que se enmarca no plan de estudos se articula a través da interacción académica entre o profesorado e o estudantado que non require a presenza física de ambos no mesmo espazo docente da universidade. Esta modalidade de ensino universitario caracterízase fundamentalmente por basearse no uso intensivo de tecnoloxías dixitais da información e da comunicación. En termos de carga crediticia, un grao poderá definirse como impartido en modalidade virtual cando ao menos un 80 por cento de créditos (ECTS) que o configuran se imparten na dita modalidade de ensino.

8. Se un plan de estudos conduce á obtención dun grao que habilita para o desenvolvemento de actividades profesionais reguladas, estes deberán estruturarse e organizarse atendendo ao disposto para tal efecto polo Goberno ou, se for o caso, seguindo a normativa europea respectiva. Así mesmo, no caso de que, aínda que o título de grao non teña o carácter habilitante, este sexa requisito imprescindible para acceder a un título de máster universitario habilitante, o Goberno establecerá as condicións e exixencias formativas do título de grao que deberán reflectirse no plan de estudos.

Artigo 15. *Acceso e admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao.*

1. O procedemento de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao será o establecido no artigo 38 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e no artigo 42 da Lei orgánica 6/2001, de universidades, e nas súas normas de desenvolvemento. Así mesmo, observarase o disposto no Real decreto 412/2014, do 6 de xuño, polo que se establece a normativa básica dos procedementos de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao.

2. As universidades garantirán unha información transparente e accesible sobre os procedementos de admisión, e deberán dispor de sistemas de orientación ao estudantado. Así mesmo, asegurarán que a dita información e os procedementos de admisión teñan en conta o estudantado con discapacidade ou con necesidades específicas, e disporán de servizos de apoio e asesoramento adecuados.

3. As universidades reservarán, ao menos, un 5 por cento das prazas ofertadas nos títulos universitarios oficiais de grao para estudantes que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento, así como para estudantes con necesidades de apoio educativo permanentes asociadas a circunstancias persoais de

discapacidade, que nos seus estudos anteriores precisasen de recursos e apoios para a súa plena inclusión educativa, tendo presente o establecido no real decreto. Así mesmo, as universidades garantirán a dispoñibilidade de prazas para estes estudantes que concorran ás convocatorias extraordinarias de acceso á universidade, até alcanzar o 5 por cento da cota de reserva sobre o total de prazas ofertada no dito título.

CAPÍTULO IV

Organización básica das ensinanzas universitarias oficiais de máster

Artigo 16. *Obxectivos e organización das ensinanzas universitarias oficiais de máster universitario.*

1. As ensinanzas oficiais de máster universitario teñen como obxectivo a formación avanzada, de carácter especializado tematicamente ou multidisciplinar nos saberes científico, tecnolóxico, humanístico e artístico, dirixida á especialización académica e á profesional ou, se for o caso, encamiñada á aprendizaxe nas actividades investigadoras.

2. As axencias de aseguramento da calidade e as administracións, no exercicio das súas respectivas competencias, velarán polo carácter non xeneralista do máster universitario, atendendo ao feito de comprender o segundo ciclo universitario. De igual modo, garantirán a coherencia entre a denominación do título de máster universitario e o seu proxecto formativo concretado no seu plan de estudos, e nos coñecementos, competencias e habilidades que o vertebran.

3. A consecución e superación dos créditos que configuran o plan de estudos do título universitario oficial de máster universitario dá dereito a obter o título de máster universitario coa denominación respectiva, tal e como se recolle no RUCT, pola universidade que realiza a súa expedición. O título incorporará a especialidade respectiva, se a houber. No caso dos títulos conxuntos deberá, así mesmo, aparecer a denominación da outra ou das outras universidades que nel participen.

4. Un máster universitario poderá incluír unha ou varias especialidades, que deben constar na memoria verificada do plan de estudos do título. Estas incorporan unha formación complementaria e específica nun ámbito temático ou profesional acorde co proxecto formativo global do título de máster. O número de créditos ECTS que conformen unha especialidade non poderá superar o cincuenta por cento do número total de créditos que compoñen o plan de estudos de máster.

5. Os títulos universitarios oficiais de máster universitario teñen un nivel equivalente ao MECES 3.

Artigo 17. *Directrices xerais para o deseño dos plans de estudos das ensinanzas de máster universitario.*

1. Os plans de estudos conducentes á obtención dun título de máster universitario contarán con 60, 90 ou 120 créditos ECTS, que se distribuirán en materias e disciplinas obrigatorias e optativas, o traballo de fin de máster, as prácticas académicas externas, se as houber, e outras actividades académicas.

2. A memoria de verificación do plan de estudos do título universitario oficial de máster universitario e o suplemento europeo ao título deberán, explicitamente, recoller o ámbito de coñecemento en que se inscribe o título.

3. Os plans de estudos dun título de máster universitario poderán incorporar prácticas académicas externas, co obxectivo de reforzar a formación recibida polo estudiantado mediante o desenvolvemento formativo tutorizado pola universidade en institucións, administracións, empresas, organizacións sociais e sindicais, e noutras entidades, para pór en práctica as competencias e habilidades adquiridas, ou mellorar, se for o caso, a capacidade investigadora. Estas prácticas non poderán superar un terzo da carga crediticia total que conforme o plan de estudos.

4. Todos os plans de estudos de máster universitario incluírán un traballo de fin de máster, que poderá contar cun mínimo de 6 créditos ECTS e un máximo de 30, cuxa finalidade é a de comprobar o nivel de dominio dos coñecementos, competencias e habilidades que alcanzou o ou a estudante, e cuxa superación é requisito imprescindible para obter o título oficial. Os traballos de fin de máster deberán ser defendidos nun acto público, seguindo a normativa que, para tal efecto, estableza o centro ou, se for o caso, a universidade.

5. Os plans de estudos recollerán a modalidade docente en que se desenvolverán. Neste sentido, estas serán a modalidade presencial, a híbrida e a virtual. A definición básica destas modalidades é a recollida no artigo 14.7.

6. No caso de títulos universitarios oficiais de máster universitario de carácter habilitante para o exercicio dunha actividade profesional regulada, o Goberno establecerá a titulación ou titulacións de acceso, así como determinados contidos, competencias ou o desenvolvemento de prácticas académicas que deberán incorporarse nos respectivos plans de estudos.

Artigo 18. *Acceso e admisión ás ensinanzas oficiais de máster universitario.*

1. A posesión dun título universitario oficial de graduada ou graduado español ou equivalente é condición para acceder a un máster universitario, ou, se for o caso, dispor doutro título de máster universitario, ou títulos do mesmo nivel que o título español de grao ou máster expedidos por universidades e institucións de educación superior dun país do EEES que no dito país permita o acceso aos estudos de máster.

2. De igual modo, poderán acceder a un máster universitario do Sistema universitario español persoas en posesión de títulos procedentes de sistemas educativos que non formen parte do EEES, que equivallan ao título de grao, sen necesidade de homologación do título, pero si de comprobación por parte da universidade do nivel de formación que implican, sempre e cando no país onde se expedise o dito título permita acceder a estudos de nivel de posgrao universitario. En ningún caso o acceso por esta vía implicará a homologación do título previo do cal dispoñía a persoa interesada nin o seu recoñecemento para outros efectos que o de realizar os estudos de máster.

3. As universidades garantirán unha información transparente e accesible sobre os procedementos de admisión, e deberán dispor de sistemas de orientación ao estudantado. Así mesmo, asegurarán que a dita información e os procedementos de admisión teñan en conta o estudantado con discapacidade ou con necesidades específicas, e disporán de servizos de apoio e asesoramento adecuados.

4. As universidades poderán, excepcionalmente, establecer, a partir de normativas específicas aprobadas polos seus órganos de goberno, procedementos de matrícula condicionada para o acceso a un máster universitario. Esta consistirá en permitir que un ou unha estudante de grao ao cal lle reste por superar o TFG e, como máximo, até 9 créditos ECTS, poderá acceder e matricularse nun máster universitario, ben que en ningún caso poderá obter o título de máster se, previamente, non obtivo o título de grao. As universidades garantirán a prioridade na matrícula dos e das estudantes que dispoñan do título universitario oficial de graduada ou graduado. Neste procedemento poderán ser tidos en conta os créditos pendentes de recoñecemento ou transferencia no título de grao, ou a exigencia de superación dun determinado nivel de coñecemento dun idioma estranxeiro para a obtención do título.

5. As universidades ou os centros regularán a admisión nas ensinanzas de máster universitario establecendo requisitos específicos e, en caso de ser necesarios, complementos formativos, cuxa carga en créditos non poderá superar o equivalente ao 20 por cento da carga crediticia do título. Os créditos de complementos formativos terán a mesma consideración que o resto dos créditos do plan de estudos do título de máster universitario.

6. As universidades reservarán, ao menos, un 5 por cento das prazas ofertadas nos títulos universitarios oficiais de máster universitario para estudantes que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento, así como para

estudantes con necesidades de apoio educativo permanentes asociadas a circunstancias persoais de discapacidade, que nos seus estudos anteriores precisasen de recursos e apoios para a súa plena inclusión educativa.

CAPÍTULO V

Organización básica das ensinanzas universitarias oficiais de doutoramento

Artigo 19. *Obxectivos e organización das ensinanzas universitarias oficiais de doutoramento.*

1. As ensinanzas de doutoramento conforman o terceiro ciclo dos estudos universitarios oficiais en España, cuxa finalidade é a adquisición das competencias e as habilidades concernentes á investigación universitaria de calidade e o seu desenvolvemento.

2. As ensinanzas de doutoramento organízanse en programas de doutoramento dos diversos campos do coñecemento científico, tecnolóxico, humanístico e artístico, así como desde un enfoque interdisciplinar do coñecemento.

3. A superación das ensinanzas do programa de doutoramento e a presentación e aprobación da tese doutoral dará dereito á obtención do título universitario oficial de doutora ou doutor, cuxo nivel equivale ao MECES 4, e co nome que aparece del no RUCT.

4. A estrutura e organización dos programas de doutoramento será a recollida nos artigos 3 e 4 do Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro.

Artigo 20. *Acceso e admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de doutoramento.*

Os requisitos de acceso e criterios de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de doutoramento serán os establecidos no Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro. As universidades deberán aplicar idéntico criterio no acceso aos programas de doutoramento que o establecido no artigo 18, número 6.

CAPÍTULO VI

Estruturas curriculares específicas e de innovación docente nas ensinanzas universitarias oficiais

Artigo 21. *Estruturas curriculares específicas e de innovación docente.*

1. As universidades, no exercicio da súa autonomía, poderán incorporar estruturas curriculares específicas nos seus plans de estudos, se se recolleron na correspondente memoria do plan de estudos do título. A referencia a estas estruturas reflectirase no suplemento europeo ao título.

2. Así mesmo, as universidades, no exercicio da súa autonomía de planificación e xestión da docencia e co obxectivo da mellora permanente da calidade do ensino e da aprendizaxe, poderán desenvolver unhas estratexias metodolóxicas de innovación docente específicas e diferenciadas que vehiculicen a globalidade dun título universitario oficial –e, por tanto, afecten o conxunto de materias e disciplinas que configuran o plan de estudos–. Estas poderán reflectirse no suplemento europeo ao título, e deberán ter sido reflectidas na memoria do plan de estudos do título.

3. Estas propostas de innovación docente globais poderán ser recoñecidas ao estudantado pola universidade mediante a emisión dun certificado ou outro documento acreditativo específico, co obxecto de valorizalas. As ditas propostas poderán ser a docencia a través da aula invertida, a aprendizaxe baseada no traballo por proxectos ou casos prácticos, o desenvolvemento do traballo colaborativo e cooperativo, a aprendizaxe baseada na capacidade de resolución de problemas, competencias multilingües, a docencia articulada no uso intensivo das tecnoloxías dixitais da

información e da comunicación, e outras iniciativas que impulse a universidade ou o centro.

Artigo 22. *Mención dual nas ensinanzas universitarias oficiais.*

1. Os títulos universitarios oficiais de grao e de máster poderán incluír a mención dual, que comporta un proxecto formativo común que se desenvolve complementariamente no centro universitario e nunha entidade colaboradora, que poderá ser unha empresa, unha organización social ou sindical, unha institución ou unha administración, baixo a supervisión e o liderado formativo do centro universitario, e cuxo obxectivo é a adecuada capacitación do estudiantado para mellorar a súa formación integral e mellorar a súa empregabilidade.

2. Para a obtención da mención dual nunha titulación oficial será necesario que concorran as seguintes circunstancias:

a) A porcentaxe de créditos, previstos no plan de estudos, que se desenvolvan na entidade colaboradora (empresa, organización, institución ou Administración), será de:

1.º Entre o 20 e o 40 por cento dos créditos, en títulos de grao.

2.º Entre o 25 e o 50 por cento dos créditos, en títulos de máster universitario.

Dentro de tales porcentaxes deberá incluírse o traballo fin de grao ou de máster.

b) A actividade formativa desenvolvida de forma dual na universidade e na entidade colaboradora alternarase cunha actividade laboral retribuída, a través dun contrato para a formación dual universitaria, nos termos establecidos no artigo 11.3 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, e na súa normativa de desenvolvemento, así como no resto da normativa laboral que lle resulte de aplicación.

c) Dentro da actividade formativa dual definiranse as competencias e coñecementos básicos que se pretenden alcanzar, de forma coordinada e complementaria coas competencias que se traballen no tempo académico que o ou a estudante realiza no centro universitario, sempre tendo presente a unicidade do plan de estudos e do proxecto formativo que é o grao ou o máster de que se trate. Ademais, deberase asegurar en todo momento a posibilidade de compaxinar a actividade formativa no centro universitario e na entidade colaboradora (empresa, organización, institución e Administración).

3. A universidade e a entidade colaboradora en que o ou a estudante desenvolva parte da súa formación mediante un contrato laboral terán que ter suscrito previamente un convenio marco de colaboración educativa, que recolla o convenio específico que asinen as partes, de acordo co establecido pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Neste convenio concretarase o proxecto formativo e indicaranse as obrigacións das partes que o subscriben, os mecanismos de titoría e supervisión, os sistemas de avaliación e o resto das condicións que se consideren necesarias para a correcta realización do proxecto formativo común. Neste sentido, o ou a estudante terá un/unha titor/a designado/a pola universidade e un titor/a designado/a pola entidade, empresa, organización, institución ou Administración, que deberán supervisar conxuntamente o desenvolvemento do proxecto formativo, baixo o liderado do titor ou da titora universitario. As universidades garantirán a adecuación das condicións de realización das actividades enmarcadas no contrato e que vehiculizan o desenvolvemento formativo na entidade conveniada.

4. As universidades poderán elaborar ou adaptar os plans de estudos conducentes á obtención do título universitario oficial de graduada ou graduado e de máster ao disposto neste artigo, mediante os procedementos de verificación ou modificación regulados nos artigos 26, 32 e 33, respectivamente. Así mesmo, o correspondente informe do órgano de avaliación externa competente constatará que se pode outorgar a mención dual a aqueles títulos en que concorran as circunstancias establecidas nos

números 1 e 2. En ningún caso, esta modificación dos plans de estudos poderá supor un incremento do número de prazas inicialmente verificadas pola Administración competente, para o cal se precisaría a pertinente modificación substancial da memoria do título ante o Consello de Universidades e a ulterior determinación da oferta de ensinanzas e das prazas pola Conferencia Xeral de Política Universitaria.

5. O ou a estudante que elixise cursar a mención dual dentro dun ensino de grao ou de máster universitario poderá, se o considera oportuno, abandonala e volver ao itinerario xeral sempre que non superase a metade dos créditos definidos para a obtención da mención dual no respectivo plan de estudos.

Artigo 23. *Programas de ensinanzas de grao con itinerario académico aberto.*

1. As universidades no exercicio da súa autonomía poderán ofrecer, co obxecto de flexibilizar a formación inicial do estudiantado, programas de ensinanzas de grao con itinerario académico aberto, co fin de cursar disciplinas de dous ou máis títulos universitarios oficiais de grao que pertencen ao mesmo ámbito de coñecemento ou a ámbitos do coñecemento afíns, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

a) Deberán realizarse disciplinas de, ao menos, dous títulos universitarios oficiais de grao diferentes.

b) O itinerario académico aberto deberá ter unha carga crediticia de entre 60 e 120 créditos para os títulos de grao de 240 créditos. Os ditos créditos corresponderán a materias ou disciplinas de formación básica das ensinanzas universitarias que conforman o programa, e daqueloutras obrigatorias dos respectivos plans de estudos. Os créditos do itinerario académico aberto deberán ser cursados polo estudiantado nos dous primeiros anos do grao.

c) A universidade aprobará, a través dos seus órganos de goberno, unha normativa específica que regule este tipo de mencións.

d) Estes deberán contar co informe favorable do Sistema interno da garantía da calidade, previamente á súa aprobación polos órganos de goberno da universidade.

2. Ao finalizar o itinerario académico aberto, o ou a estudante poderá continuar os seus estudos nun dos títulos universitarios oficiais de grao incluídos no programa. Ao acabar os seus estudos nese título universitario oficial de grao, o ou a estudante poderá solicitar a mención «título universitario oficial de grao incluído nun programa con itinerario académico aberto». A universidade deberá asegurar que o ou a estudante alcanzou os coñecementos, competencias e habilidades fundamentais do título universitario oficial de grao que finalmente obteña.

3. As universidades establecerán unha cota de admisión dentro de cada grao para o estudiantado que desexe seguir estes itinerarios abertos. Estas cotas non poderán superar en ningún caso o 10 por cento do límite de prazas de novo ingreso máis baixo que tivesen os títulos de grao incluídos no itinerario aberto correspondente. En todo caso, a universidade incluírá expresamente este tipo de admisión na súa normativa de matrícula, para fixar a súa regulación.

4. Para que un título universitario oficial de grao poida ser obxecto de inclusión nun programa con itinerario académico aberto, non será necesaria a verificación ou modificación do plan de estudos do título ou títulos, senón que bastará coa súa comunicación á axencia de avaliación correspondente, ao Consello de Universidades e á comunidade autónoma, logo de aprobación por parte dos órganos de goberno da universidade.

Artigo 24. *Programas académicos de simultaneidade de dobres titulacións con itinerario específico.*

1. As universidades, no ámbito da súa autonomía, poderán organizar e ofertar programas académicos de simultaneidade de dobres titulacións de grao ou de máster universitario cun itinerario específico, que dará lugar á obtención, se son superadas

todas as disciplinas que o configuran, de cada un dos títulos universitarios oficiais que o conforman. En todo caso, non poderán implementarse programas académicos de simultaneidade de tres ou máis titulacións.

2. Os ditos programas deben basearse na construción dun proxecto formativo común de dúas titulacións diferenciadas que teña coherencia académica e reforce a formación integral do estudantado. Este programa de simultaneidade ten como finalidade, por tanto, a suma de sinerxías formativas de títulos que se complementan desde o punto de vista educativo e profesional.

3. Estes programas de dobre titulación articularanse mediante o establecemento dun itinerario formativo específico a partir das disciplinas que se consideren esenciais dos respectivos plans de estudos de cada un dos títulos implicados. Deberase incorporar toda aquela información significativa para o desenvolvemento da dobre titulación. En todo caso, a universidade deberá garantir que con este itinerario formativo específico o estudantado poida asumir os coñecementos e competencias fundamentais que se definen nas memorias dos respectivos títulos.

4. Os órganos de goberno da universidade ou universidades implicadas, logo do informe preceptivo e favorable dos seus propios sistemas internos de calidade –ou do centro ou centros implicados–, aprobarán un documento que explicite o proxecto formativo destes programas de dobre titulación, o plan de estudos resultante do itinerario específico, os coñecementos e as competencias esenciais que se deben alcanzar, as prácticas e o modelo de recoñecemento de disciplinas entre os títulos implicados.

CAPÍTULO VII

Procedementos de aseguramento da calidade das ensinanzas universitarias oficiais

Artigo 25. Aseguramento da calidade das ensinanzas universitarias oficiais.

1. Con obxecto de asegurar a calidade dos estudos universitarios como un servizo educativo para toda a sociedade española, os títulos universitarios oficiais deberán someterse a procedementos de avaliación externa de acordo cos criterios e directrices de aseguramento de calidade no espazo europeo de educación superior (*European Standards and Guidelines for Quality Assurance of Higher Education, ESG*), atendendo ao establecido no título V da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, e conforme o disposto neste real decreto. As universidades deberán corresponsabilizarse do aseguramento da calidade, mediante o desenvolvemento dos seus sistemas internos da garantía e da promoción da cultura da calidade entre a comunidade universitaria.

2. Os órganos de avaliación externa responsables de tramitar os procedementos de aseguramento da calidade do Sistema universitario español son a Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANACA) e, para o seu correspondente ámbito territorial, as axencias de calidade das comunidades autónomas inscritas no Rexistro Europeo de Axencias de Aseguramento da Calidade na Educación Superior (*The European Quality Assurance Register for Higher Education, EQAR*), tras superaren con éxito unha avaliación externa de acordo cos ESG.

3. Os procedementos de aseguramento da calidade que implican a totalidade dos plans de estudos dos títulos universitarios oficiais son os de verificación, seguimento e modificación, así como a renovación da acreditación dos títulos. Para isto, as axencias de calidade establecerán, de forma conxunta, os protocolos de avaliación da calidade que os vehiculizan.

4. O Ministerio de Universidades manterá un sistema integrado de información universitaria (SIIU) para dar cobertura ás necesidades de información do conxunto do Sistema universitario español e das administracións, e facilitará aos órganos de avaliación externa competentes a información necesaria para levar a cabo os procedementos de aseguramento da calidade. Así mesmo, o SIIU desenvolverá

actividades, a partir das estatísticas e informacións recompiladas, de observación, análise e prospectiva, en colaboración coas universidades e as axencias de calidade.

Sección 1.^a Verificación dos plans de estudos e establecemento do carácter oficial dos títulos

Artigo 26. Procedemento de verificación de plans de estudos das ensinanza oficiais.

1. O Consello de Universidades deberá verificar que os plans de estudos cuxa superación dá dereito á obtención dun título universitario oficial se axustan ás directrices e condicións establecidas por este real decreto e o resto de normativas que sexan de aplicación.

2. O procedemento de verificación dos plans de estudos, que culminará coa notificación á universidade solicitante da resolución do Consello de Universidades sobre a verificación do plan de estudos, non poderá ter unha duración superior aos seis meses (sen ter en conta o procedemento de posible reclamación). No caso dos títulos propostos en centros con acreditación institucional, este prazo non excederá os catro meses. Todas as administracións públicas asegurarán o cumprimento dos ditos prazos máximos, transcorrido o cal a solicitude se entenderá estimada e o plan de estudos verificado.

3. As comunidades autónomas, no exercicio das súas competencias sobre a programación universitaria e a ordenación do mapa de titulacións oficiais do seu ámbito territorial, realizarán un informe preceptivo sobre a necesidade e viabilidade académica e social da implantación do título universitario oficial previamente ao inicio do procedemento de verificación. En caso de informe favorable, a universidade poderá iniciar o procedemento de verificación do título.

4. Este procedemento dará inicio coa remisión por parte da universidade solicitante do informe a que se refire o número 3 deste artigo e da memoria do plan de estudos a que se refire o artigo 5.3, conforme a estrutura, contido e extensión que se indica no anexo II, ao Consello de Universidades a través da unidade da Secretaría Xeral de Universidades responsable da tramitación deste procedemento, que comprobará se a documentación se axusta aos requisitos establecidos. A Secretaría Xeral de Universidades comunicará a recepción da memoria do plan de estudos ao órgano da comunidade autónoma ou comunidades autónomas competentes en materia de universidades.

A continuación, a unidade da Secretaría Xeral de Universidades encargada da tramitación, se for o caso, ao detectar insuficiencias na documentación, advertirá á universidade da necesidade da súa emenda, para o que esta disporá de 10 días hábiles. Se, transcorrido este prazo, non a realizase, terase por desistida a petición. Unha vez emendada, a unidade da Secretaría Xeral de Universidades terá como máximo 3 días hábiles para enviar a memoria do plan de estudos á correspondente axencia de calidade.

No caso dos centros con acreditación institucional, a memoria do plan de estudos remitirase simultaneamente á unidade tramitadora da Secretaría Xeral de Universidades e á axencia encargada da avaliación.

5. As axencias de calidade realizarán un informe de verificación da calidade da memoria do plan de estudos do título universitario oficial, de acordo cos protocolos específicos que as ditas axencias establecesen de forma común para todo o Sistema universitario e tendo presente o disposto nesta norma. Este informe será preceptivo e será realizado por comisións de expertos académicos e profesionais, con titulación universitaria, que terán que ser independentes e de recoñecido prestixio académico do ámbito de coñecemento en que se inscribe o título ou de ámbitos afíns, que serán elixidos polas axencias. De igual modo, nas ditas comisións, deberán participar estudantes universitarios e poderán participar representantes da sociedade elixidos pola súa relación co ámbito temático do título avaliado.

6. A axencia de calidade correspondente propondrá un informe provisional de verificación da calidade da memoria do plan de estudos. O informe provisional, que

deberá ser motivado, poderá ser favorable, favorable con condicións ou desfavorable. No caso de ser favorable con condicións, a axencia indicará aquelas cuestións que deberán ser modificadas co obxectivo de alcanzar unha proposta definitiva de informe favorable. O informe provisional será remitido á universidade solicitante do título para que, no prazo de 15 días hábiles desde a súa recepción, poida realizar as emendas e modificar aquelas cuestións que se puxesen de manifesto no informe, ou presentar as alegacións que considere pertinentes.

7. Finalizado o prazo de presentación de emendas e alegacións, se for o caso, a axencia de calidade correspondente emitirá un informe definitivo de verificación da calidade que será favorable ou desfavorable, que remitirá á universidade solicitante, ao Consello de Universidades, ao órgano da comunidade autónoma competente e ao Ministerio de Universidades. No caso que resulte un informe definitivo favorable, este poderá incorporar algún aspecto relevante sobre o que as administracións, as universidades e as axencias deberán desenvolver un seguimento.

8. De acordo co artigo 12 do Regulamento do Consello de Universidades, aprobado polo Real decreto 1677/2009, do 13 de novembro, a Comisión de Verificación e Acreditación de Plans de Estudos do Consello de Universidades, recibido o informe definitivo favorable emitido pola axencia de calidade, acreditará que a denominación proposta do título é coherente co plan de estudos e se adecúa ao establecido pola normativa vixente e ditará, se é así, a resolución de verificación positiva do título. No suposto de que o informe sexa desfavorable, a Comisión de Verificación e Acreditación do Consello de Universidades ditará unha resolución de verificación negativa.

9. Unha vez ditada a resolución, o Consello de Universidades notificaralla nun prazo máximo de 3 días hábiles á universidade solicitante e comunicarllela, así mesmo, á comunidade autónoma ou comunidades autónomas onde se sitúan estas universidades, á axencia de calidade correspondente e ao Ministerio de Universidades.

10. A universidade solicitante, recibida a notificación do Consello de Universidades, poderá reclamar ante a Presidencia do dito órgano a revisión da resolución de verificación, para o cal disporá de 10 días hábiles desde o momento da recepción da notificación. Se se admite a trámite a reclamación, esta deberá ser valorada pola Comisión de Reclamacións de Verificación e Acreditación de Plans de Estudos do Consello de Universidades, de acordo co establecido no artigo 13 do Regulamento do Consello de Universidades. A comisión estará formada por expertos académicos e profesionais que non participasen no procedemento avaliativo até o momento.

Esta comisión valorará o informe de verificación, tendo presente unicamente a memoria do plan de estudos que presentou a universidade. No caso de dispor de elementos de xuízo para isto, a comisión elaborará unha proposta de resolución á Comisión Permanente do Consello de Universidades. Neste suposto, a duración do procedemento de revisión non poderá exceder un mes desde a presentación da reclamación.

A comisión, se o considera necesario, poderá remitir o expediente á axencia de calidade que emitiu o informe para a súa revisión a teor dos aspectos detectados que merezan unha nova valoración. Unha vez recibido o informe da axencia de calidade, a comisión elaborará unha proposta de resolución que enviará á Comisión Permanente do Consello de Universidades, para a súa resolución definitiva. Neste suposto, a duración de todo o procedemento de revisión non poderá exceder os tres meses desde a recepción da reclamación da universidade ante a Presidencia do Consello de Universidades.

En todo caso, a resolución pon fin á vía administrativa de acordo co establecido no artigo 114.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Transcorridos os prazos previstos sen que se ditase a correspondente resolución á reclamación, esta poderase entender desestimada.

O Consello de Universidades notificará a resolución definitiva á universidade solicitante e comunicarllela, así mesmo, á comunidade autónoma, á axencia de calidade implicada e ao Ministerio de Universidades.

Artigo 27. Carácter oficial e inscrición dos títulos universitarios oficiais no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos.

1. Unha vez verificado o plan de estudos polo Consello de Universidades e despois de emitirse a autorización da comunidade autónoma, establecerase o carácter oficial do título mediante acordo do Consello de Ministros por proposta do titular do Ministerio de Universidades, e será publicado no «Boletín Oficial del Estado», co que o título universitario adquire plenamente a súa validez en todo o territorio nacional.

2. Unha vez declarado o carácter oficial do título e posteriormente publicado no «Boletín Oficial del Estado», inscribirase no RUCT, coa denominación do título cuxa memoria do plan de estudos foi verificada. Esta información será pública e o Ministerio de Universidades, como responsable do RUCT, garantirá a súa accesibilidade ao conxunto da cidadanía. A inscrición no RUCT a que se refire este artigo terá, ademais, efectos constitutivos respecto da creación de títulos universitarios oficiais e comportará a consideración inicial de título acreditado para os efectos legal e regulamentariamente establecidos.

3. O inicio da impartición da docencia do título universitario oficial non poderá ter lugar até realizarse o establecido nos números 1 e 2 deste artigo.

4. Unha vez establecida a oficialidade e validez do título universitario, o reitor ou a reitora da universidade correspondente –ou daquela que coordinará o título– ordenará publicar no «Boletín Oficial del Estado» e no diario oficial da comunidade autónoma onde se localiza a universidade o plan de estudos, que deberá concretarse na publicación da estrutura académica do dito título.

5. Desde o momento en que se produza a súa publicación oficial, a universidade ou as universidades que impulsaron o título disporán dun máximo de dous cursos académicos para implantar e iniciar a docencia deste.

6. Se non se produce o dito inicio, o título perderá a súa acreditación inicial. O órgano competente da comunidade autónoma onde se localiza a universidade deberá acreditar se se produciu a implantación e o inicio da docencia. En caso negativo, deberá tramitar a extinción do título e informar o Ministerio de Universidades para efectos da súa oportuna anotación no RUCT. Isto publicárase no diario oficial da comunidade autónoma.

Sección 2.^a Seguimento dos títulos

Artigo 28. Procedemento de seguimento dos títulos que se imparten en centros universitarios non acreditados institucionalmente.

1. Serán obxecto de seguimento do cumprimento do proxecto académico contido no plan de estudos todos os títulos universitarios oficiais que se impartan en centros non acreditados institucionalmente, os títulos novos verificados e os que obtivesen a renovación da acreditación. Este procedemento desenvolverano os centros a través dos órganos establecidos na normativa da universidade. Para isto, de acordo coas directrices da axencia de calidade correspondente e co reflectido nos informes de avaliación externa, elaborarán ao menos un informe de seguimento, preceptivo transcorridos tres anos despois da implantación efectiva ou renovación da acreditación.

2. Estes informes teñen por obxecto o seguimento do desenvolvemento do plan de estudos do título universitario oficial co obxectivo de valorar o cumprimento cos criterios e enfoques académicos fundamentais recollidos na memoria do plan de estudos. Estes informes de seguimento, así mesmo, acreditarán a transparencia da información e indicadores que mostren os resultados académicos do título, detectarán posibles deficiencias na implantación e identificarán as boas prácticas no seguimento e mellora permanente dos estudos universitarios. Os citados informes serán remitidos á axencia de calidade correspondente, para a súa valoración, segundo estableza o protocolo de cada axencia.

3. No caso de que, con ocasión do informe de seguimento, se detecten incumprimentos graves dos compromisos adquiridos na memoria do plan de estudos, a

axencia de calidade elevará a notificación destes feitos aos órganos de goberno do centro e da universidade e porao en coñecemento da comunidade autónoma, para que se actúe adoptando as medidas que se consideren oportunas para efectos de salvaguardar os intereses formativos do estudantado, o que poderá, se for o caso, comportar a extinción do título.

4. As axencias de avaliación establecerán de forma conxunta un protocolo cos criterios básicos que sirvan de orientación para a elaboración dos informes de seguimento.

Artigo 29. Procedemento de seguimento dos títulos que se imparten en centros universitarios acreditados institucionalmente.

O seguimento dos títulos que se imparten en centros universitarios acreditados institucionalmente realizarase no ámbito do seguimento dos ditos centros, conforme o disposto no artigo 14 e concordantes do Real decreto 640/2021, do 27 de xullo, de creación, recoñecemento e autorización de universidades e centros universitarios, e acreditación institucional de centros universitarios.

Sección 3.^a Modificación dos plans de estudos

Artigo 30. Procedemento para a modificación non substancial dos plans de estudos impartidos en centros universitarios non acreditados institucionalmente.

1. No suposto de que as modificacións non supoñan un cambio na natureza, obxectivos e características fundamentais do título inscrito, e sexan, por tanto, modificacións non substanciais, estas, unha vez aprobadas polos órganos de goberno da universidade logo de informe favorable dos sistemas internos de garantía da calidade, serán remitidas á axencia de calidade competente para a súa aceptación.

2. A axencia de calidade competente deberá notificar a súa resolución no prazo de dous meses desde a data de recepción da solicitude de modificación. Transcorrido o dito prazo sen pronunciamento expreso, a universidade poderá considerar aceptada a súa proposta.

3. A universidade incorporará as modificacións á memoria do plan de estudos do título respectivo a través da aplicación do Ministerio de Universidades e comunicará a memoria modificada á axencia competente e á comunidade autónoma ou comunidades autónomas correspondentes.

4. As axencias de calidade establecerán de forma común os criterios xerais para delimitar que tipos de cambios da memoria do plan de estudos dun título son susceptibles de considerarse como non substanciais.

Artigo 31. Procedemento para a modificación non substancial dos plans de estudos impartidos en centros universitarios acreditados institucionalmente.

1. As modificacións que non supoñan un cambio na natureza, obxectivos e características fundamentais do título inscrito, e sexan, por tanto, modificacións non substanciais, serán aprobadas polos órganos de goberno da universidade, logo de informe favorable preceptivo e vinculante dos sistemas internos de garantía da calidade.

2. A universidade incorporará as modificacións á memoria do plan de estudos do título respectivo, a través da aplicación correspondente do Ministerio de Universidades, e comunicará a memoria modificada á axencia competente e á comunidade autónoma ou comunidades autónomas correspondentes.

3. As axencias de calidade establecerán de forma común os criterios xerais para delimitar que tipos de cambios da memoria do plan de estudos dun título son susceptibles de considerarse como non substanciais.

Artigo 32. Procedemento para a modificación substancial dos plans de estudos impartidos en centros universitarios non acreditados institucionalmente.

1. Os centros universitarios non acreditados institucionalmente poderán propor, a través da súa universidade, modificacións substanciais dos plans de estudos verificados, que serán solicitadas ao Consello de Universidades para a súa aprobación.

2. Sen prexuízo do que poidan acordar as axencias de calidade, serán obxecto de modificación substancial como mínimo os seguintes aspectos que afecten a natureza, obxectivos e características do título como a incorporación ou modificación de mencións e especialidades e a súa distribución de créditos; o cambio na modalidade de impartición; a incorporación ou cambio en complementos de formación; a distribución de materias e disciplinas de formación básica e de formación obrigatoria; o cambio no volume de créditos do traballo final de grao e de máster; o cambio no número de prazas ofertadas e a modificación parcial na denominación do título. Non obstante o anterior, se, conforme a proposta da universidade, as modificacións presentadas supoñen, a xuízo da axencia correspondente, o deseño dun novo título, a dita axencia emitirá un informe en que denegue as modificacións solicitadas e instarase á verificación dun novo título.

3. O procedemento para a modificación substancial tramitarase conforme o establecido para o proceso de verificación dos plans de estudos recollido no artigo 26.

4. Producida a aprobación definitiva da modificación substancial, esta terá efecto de conformidade co calendario de implantación previsto para tal fin na memoria modificada.

5. No suposto de que as modificacións aceptadas afecten os termos da denominación do título contidos na resolución de verificación da memoria do plan de estudos ou, de forma significativa, a estrutura das ensinanzas nos termos expresados na correspondente epígrafe da memoria establecida no anexo II deste real decreto, procederase a unha nova publicación do plan de estudos, de acordo co establecido no artigo 27.

6. En todo caso, as axencias de calidade establecerán de forma común os criterios xerais para delimitar que tipos de cambios da memoria do plan de estudos dun título universitario oficial son susceptibles de incluírse neste tipo de procedemento.

Artigo 33. Procedemento para a modificación substancial dos plans de estudos impartidos en centros universitarios acreditados institucionalmente.

1. Os centros universitarios acreditados institucionalmente poderán propor, a través da súa universidade, modificacións substanciais dos plans de estudos verificados, que serán solicitadas para a súa aprobación polo Consello de Universidades. Esta proposta irá acompañada dun informe motivado sobre a adecuación académica e normativa da modificación substancial realizado polo Sistema interno de garantía da calidade do centro ou da universidade.

2. Sen prexuízo do que poidan acordar as axencias de calidade, serán obxecto de modificación substancial como mínimo os aspectos previstos no artigo 32.2.

3. O procedemento para a modificación substancial tramitarase conforme o establecido para o proceso de verificación das memorias dos plans de estudos recollido no artigo 26. A axencia de calidade no momento de realizar o seu informe deberá ter en consideración, primordialmente, o informe elaborado polo Sistema interno de garantía da calidade do centro ou universidade propoñente da modificación substancial.

4. Unha vez producida a aprobación definitiva da modificación substancial, esta terá efecto de conformidade co calendario de implantación previsto para tal fin na memoria modificada.

5. No suposto de que as modificacións aceptadas afecten os termos da denominación do título contidos na resolución de verificación da memoria do plan de estudos ou, de forma significativa, a estrutura das ensinanzas nos termos expresados na correspondente epígrafe da memoria establecida no anexo II deste real decreto, procederase a unha nova publicación do plan de estudos, de acordo co establecido no artigo 27.

6. En todo caso, as axencias de calidade establecerán de forma común os criterios xerais para delimitar que tipos de cambios da memoria do plan de estudos dun título universitario oficial son susceptibles de incluírse neste tipo de procedemento.

Sección 4.^a Renovación da acreditación

Artigo 34. Procedemento de renovación da acreditación dos títulos impartidos en centros universitarios non acreditados institucionalmente.

1. Os centros universitarios que non estean acreditados institucionalmente deberán renovar a acreditación dos seus títulos universitarios oficiais de acordo co procedemento que cada comunidade autónoma estableza en relación coas universidades do seu ámbito competencial, que será resolta polo Consello de Universidades a partir do informe preceptivo e vinculante da axencia de calidade correspondente, dentro dos seguintes prazos:

a) A acreditación dos títulos universitarios oficiais de grao que teñan 240 créditos deberá ter sido renovada no prazo máximo de seis anos, desde a data de inicio de impartición do título ou de renovación da acreditación anterior.

b) A acreditación dos títulos universitarios oficiais de grao que teñan 300 ou 360 créditos deberá ter sido renovada no prazo máximo de oito anos, desde a data de inicio de impartición do título ou de renovación da acreditación anterior.

c) A acreditación dos títulos universitarios oficiais de máster deberá ter sido renovada no prazo máximo de seis anos, desde a data de inicio de impartición do título ou de renovación da acreditación anterior.

d) A acreditación dos títulos universitarios oficiais de doutoramento deberá ter sido renovada no prazo máximo de seis anos, desde a data de inicio do programa de doutoramento ou de renovación da acreditación anterior.

2. O procedemento de renovación da acreditación dun título universitario oficial non poderá ter unha duración superior aos seis meses.

3. Para o inicio deste procedemento, a universidade efectuará a solicitude ao Consello de Universidades a través da aplicación correspondente do Ministerio de Universidades.

4. A solicitude de renovación da acreditación recibida trasladarase, no prazo máximo de 5 días hábiles, á axencia de calidade competente para que comprobe que o plan de estudos se está levando a cabo de acordo co seu proxecto inicial, mediante unha avaliación que debe incluír, en todo caso, unha visita de persoas expertas externas á universidade, coa participación de ao menos un estudante, e que concluirá coa elaboración dun informe de avaliación preceptivo para o Consello de Universidades.

Cando se trate da segunda ou sucesivas renovacións da acreditación do título, no proceso de avaliación abordaranse os aspectos que fosen sinalados como obxecto de especial atención en anteriores renovacións da acreditación, sen prexuízo do aseguramento da calidade en todos os aspectos do título.

5. A axencia elaborará unha proposta xustificada de informe sobre a renovación da acreditación que será enviada á universidade para que poida presentar alegacións no prazo de 20 días hábiles.

6. Unha vez valoradas as alegacións, se as houber, a axencia de avaliación proporá un informe definitivo que poderá ser favorable ou desfavorable á renovación da acreditación, e enviarallelo á universidade solicitante, ao Consello de Universidades, á comunidade autónoma ou comunidades autónomas correspondentes e ao Ministerio de Universidades.

7. O Consello de Universidades, unha vez recibido o informe da axencia de calidade, ditará a correspondente resolución. Se o informe é favorable, ditarase resolución estimatoria e, en caso de que o informe sexa desfavorable, ditarase resolución desestimatoria da renovación da acreditación. A resolución deberá ser

motivada e expresará os recursos que contra ela procedan, o órgano administrativo ou xudicial ante o que deben presentarse e o prazo para interpoles. Transcorridos os prazos previstos sen que se ditase a correspondente resolución, o sentido do silencio administrativo será estimatorio.

8. O Consello de Universidades notificaralle a resolución de renovación da acreditación ou de non renovación nos 3 días hábiles despois de aprobala á universidade solicitante do título, e comunicaralle á comunidade autónoma ou comunidades autónomas interesadas, á axencia de avaliación que participou no procedemento e ao Ministerio de Universidades. No caso en que un título non renove a súa acreditación, o título será declarado «a extinguir» e practicarase no RUCT a anotación para tal efecto. Como consecuencia disto, a comunidade autónoma competente determinará a extinción progresiva do seu plan de estudos, con periodicidade anual, desde o ano académico seguinte a aquel en que se produciu a citada resolución, e deberá declarar a súa extinción definitiva cando esta se produza para efectos da súa inscrición no RUCT. En todo caso, tanto a comunidade autónoma como a universidade, no ámbito das súas respectivas competencias, deberán adoptar as medidas adecuadas que garantan os dereitos académicos dos estudantes que se encontren cursando os ditos estudos.

9. A universidade implicada poderá presentar unha reclamación ante a Presidencia do Consello de Universidades no prazo de 15 días hábiles desde a recepción da resolución do Consello de Universidades, que se substanciará de acordo co procedemento establecido no artigo 26, número 10.

10. O Consello de Universidades, unha vez concluído o procedemento, comunicará a resolución do procedemento de renovación da acreditación ao RUCT, para incorporar ao expediente do título a renovación favorable ou a non renovación da dita acreditación. A correspondente resolución porá fin á vía administrativa de acordo co establecido no artigo 114.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Transcorridos os prazos previstos sen que se ditase a correspondente resolución á reclamación, poderase entender desestimada.

11. A universidade cuxo título universitario oficial non solicitase renovación da acreditación dun título universitario oficial no correspondente prazo ou que, téndoo feito, non a obtivese, non poderá presentar nos dous anos seguintes, contados desde a data en que venceu a acreditación do título, unha memoria de plan de estudos a un novo proceso de verificación se este é similar en denominación e contidos fundamentais ao plan de estudos do título que non renovou a acreditación.

Artigo 35. Procedemento de renovación da acreditación dos títulos que se imparten en centros universitarios acreditados institucionalmente.

Os centros universitarios que obtivesen a acreditación institucional mediante o procedemento establecido no artigo 14 do Real decreto 640/2021, do 27 de xullo, renovarán a acreditación dos títulos universitarios oficiais que impartan mentres os ditos centros manteñan a acreditación institucional. No RUCT deberá consignarse como data de renovación a correspondente á resolución de acreditación institucional ditada polo Consello de Universidades.

CAPÍTULO VIII

As ensinanzas propias das universidades

A formación permanente

Artigo 36. As ensinanzas propias universitarias.

As universidades en uso da súa autonomía poderán impartir outras ensinanzas conducentes á obtención doutros títulos distintos dos títulos universitarios oficiais a que

fai referencia o artigo 3.1, que serán definidos como títulos propios. A expedición destes títulos realizarase do modo que determine a universidade, e tendo presente o establecido neste real decreto, sen que en ningún caso nin a súa denominación nin o formato en que se elaboren e informen publicamente os correspondentes títulos propios poidan inducir a confusión con respecto aos títulos universitarios oficiais.

Artigo 37. *A formación permanente.*

1. Dentro dos estudos universitarios propios, a formación permanente estará conformada por unha serie de ensinanzas cuxa finalidade é fortalecer a formación dos cidadáns e cidadás ao longo da vida, actualizando e ampliando os seus coñecementos, as súas capacidades e as súas habilidades xerais, específicas ou multidisciplinares dos diversos campos do saber.

2. Este tipo de ensinanzas poderá ser impartido por centros ou institutos de formación permanente, fundacións universitarias, facultades ou escolas, sexan propias ou adscritas, así como institutos de investigación, a partir do establecido nos respectivos estatutos ou normas de organización e funcionamento da universidade. Os órganos de goberno da universidade regularán, mediante unha normativa específica, como mínimo as condicións de impartición, as prazas dispoñibles, o plan de estudos, a participación de profesorado propio da universidade e do externo, e os prezos dos ditos títulos que, nas universidades públicas, serán aprobados polo Consello Social. Así mesmo, as universidades na información institucional farán constar expresamente que estes títulos son de formación permanente.

3. Estas ensinanzas de formación permanente poderán desenvolverse na modalidade docente presencial, híbrida ou virtual.

4. Todos os títulos de formación permanente deberán ter como responsable, como mínimo, un profesor ou unha profesora da universidade na cal se imparten, podendo ter codirectores ou codirectoras doutras universidades, profesionais de recoñecido prestixio, persoal de organizacións sociais e empresariais ou entidades, ou membros doutras administracións.

5. En todo caso, as universidades deberán diferenciar as ensinanzas de formación permanente que requiran titulación universitaria previa das que non a requiran.

6. Dentro do primeiro grupo, cuxo obxectivo é a ampliación de coñecementos e competencias, a especialización e a actualización formativa de titulados e tituladas universitarias, pódense diferenciar os seguintes títulos: o máster de formación permanente (cunha carga de 60, 90 e 120 créditos ECTS), o diploma de especialización (con entre 30 e 59 créditos) e o diploma de experto (de menos de 30 créditos).

7. No segundo grupo, cuxa finalidade é a ampliación e actualización de coñecementos, competencias e habilidades formativas ou profesionais que contribúan a unha mellor inserción laboral dos cidadáns e das cidadás sen titulación universitaria, entregarase un certificado coa denominación do curso respectivo (cunha carga máxima de 30 créditos ECTS).

8. Igualmente, as universidades poderán impartir ensinanzas propias de menos de 15 ECTS que requiran ou non titulación universitaria previa, en forma de microcredenciais ou micromódulos, que permitan certificar resultados de aprendizaxe ligados a actividades formativas de curta duración. En ningún caso estas ensinanzas poderán confundirse coas titulacións ofertadas polos centros de formación profesional de grao medio ou grao superior.

9. As universidades, no exercicio da súa autonomía, poderán utilizar outras denominacións para os seus títulos de formación permanente, exceptuando o caso do máster de formación permanente, que sempre terá esta denominación. En todo caso, se así for, deberán manter as características establecidas nos números 5 e 6 deste artigo, sempre diferenciando expresamente estes títulos de formación permanente dos títulos universitarios oficiais.

10. Os órganos de goberno das universidades deberán aprobar anualmente a programación de formación permanente. Así mesmo, asegurarán que as unidades,

centros, institutos ou fundacións que implementen títulos de formación permanente na súa información institucional, documental ou publicitaria non induzan a confusión en canto ao nivel destes títulos, especialmente no caso do máster de formación permanente, que sempre deberá ter en conta na súa difusión esta denominación.

11. A universidade garantizará a calidade e o rigor académico e científico dos títulos de formación permanente; isto será responsabilidade dos sistemas internos de garantía da calidade que a institución universitaria determine. Especificamente, no caso do máster de formación permanente, previamente á súa aprobación polos órganos de goberno, deberá contar preceptivamente cun informe favorable do Sistema interno de garantía da calidade da universidade, que terá carácter vinculante para esta. Unha vez obtido este informe favorable, a universidade poderá solicitar a inclusión no RUCT deste, sempre coa denominación de máster de formación permanente na temática considerada.

Disposición adicional primeira. *Eficacia dos títulos universitarios oficiais correspondentes á ordenación previa ao EEES.*

1. Os títulos universitarios oficiais obtidos conforme plans de estudos anteriores á actual ordenación das ensinanzas universitarias implementadas baixo os principios do espazo europeo de educación superior manterán todos os seus efectos académicos e, se for o caso, profesionais.

2. As persoas que posúan un título oficial español de licenciado/a, arquitecto/a ou enxeñeiro/a e desexen acceder a ensinanzas oficiais de grao poderán conseguir o recoñecemento de créditos que proceda en termos académicos de acordo co establecido no artigo 10 do presente real decreto. De igual modo, ese título permitiralles acceder a ensinanzas de máster universitario. Neste caso, se procede poderían recoñecerse créditos con relación aos coñecementos, competencias e habilidades aprendidas nos títulos precedentes e a súa adecuación co plan de estudos do máster universitario correspondente ao cal se pretenda acceder.

3. As persoas que posúan un título oficial de diplomado/a, arquitecto/a técnico/a ou enxeñeiro/a técnico/a e desexen acceder a ensinanzas oficiais de grao poderán conseguir o recoñecemento de créditos que proceda en termos académicos segundo o establecido no artigo 10 do presente real decreto. De igual modo, ese título permitiralles acceder a ensinanzas de máster universitario e a universidade, no exercicio da súa autonomía, poderá exixir complementos formativos se foren necesarios académicamente. Ademais, se procede e de forma excepcional e motivada poderían recoñecerse créditos con relación aos coñecementos, competencias e habilidades aprendidas nos títulos precedentes e a súa adecuación co plan de estudos do máster universitario correspondente ao cal se quere acceder.

Disposición adicional segunda. *Aplicación de convenios internacionais en materia de recoñecemento mutuo de titulacións universitarias.*

Mediante os correspondentes acordos ou convenios internacionais bilaterais ou multilaterais, poderanse recoñecer expresamente como equivalentes a títulos universitarios oficiais españois títulos universitarios emitidos por universidades do país ou dos países asinantes, con independencia do fixado na normativa específica sobre homologación e equivalencias de ensinanzas universitarias estranxeiras.

Disposición adicional terceira. *Universidades e centros dependentes do Estado.*

Todas as referencias que neste real decreto se efectúan ás administracións das comunidades autónomas e aos seus órganos entenderanse referidas, no caso da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED) e da Universidade Internacional Menéndez Pelayo (UIMP), ao Ministerio de Universidades.

Disposición adicional cuarta. *Universidades concordatarias da Igrexa Católica.*

1. Atendendo ao establecido na disposición adicional cuarta da Lei orgánica 6/2001 do 21 de decembro, as universidades da Igrexa Católica establecidas en España con anterioridade ao Acordo do 3 de xaneiro de 1979, entre o Estado español e a Santa Sé, sobre ensino e asuntos culturais, en virtude do establecido no Convenio entre a Santa Sé e o Estado español, do 10 de maio de 1962, e o mencionado acordo, manteñen os seus procedementos especiais en materia de recoñecemento de efectos civís de plans de estudos e títulos, mentres non opten por transformarse en universidades privadas.

2. En todo caso, para efectos de facer efectivos os ditos procedementos, estas universidades solicitarán ao Consello de Universidades a verificación da memoria do plan de estudos conducente á obtención dun título universitario oficial, que será avaliada pola axencia de calidade correspondente como o resto de oferta oficial do Sistema universitario. A dita verificación levarase a cabo unha vez que se comprobe que os ditos plans de estudos se axustan ás directrices e condicións establecidas polo Goberno con carácter xeral, fixados neste real decreto.

3. O Consello de Universidades, unha vez verificado o título universitario, remitírallo ao Ministerio de Universidades para que o seu titular propoña ao Goberno que, mediante acordo do Consello de Ministros, se estableza o seu carácter oficial e ordene a súa inscrición no RUCT e a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

4. Para o desenvolvemento dos procedementos de modificación, seguimento e da renovación da acreditación destes títulos universitarios oficiais, procederase de idéntica forma que o establecido no presente real decreto dependendo de se son centros acreditados institucionalmente ou non.

Disposición adicional quinta. *Títulos de especialistas en Ciencias da Saúde.*

1. Os títulos universitarios non poderán inducir a confusión nin coincidir en ningún caso na súa denominación e contidos cos dos títulos universitarios que habiliten para o exercicio dunha profesión sanitaria ou cos dos especialistas en Ciencias da Saúde regulados na Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias.

2. As universidades decidirán, a partir da formación investigadora que acredite cada un dos especialistas en Ciencias da Saúde dos recollidos no número anterior, a formación complementaria que, se for o caso, deban cursar para presentación e defensa da tese doutoral no marco do Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro.

Disposición adicional sexta. *Titulacións universitarias conxuntas internacionais.*

1. No procedemento de verificación de plans de estudos conducentes a titulacións conxuntas internacionais, entendendo como tales os títulos universitarios oficiais españois a que conducen ensinanzas conxuntas entre unha ou máis universidades españolas e unha universidade estranxeira ou varias universidades estranxeiras, os informes de avaliación emitidos por órganos de avaliación inscritos no Rexistro Europeo de Axencias de Aseguramento da Calidade na Educación Superior (EQAR, na súa sigla en inglés) serán recoñecidos polas axencias de calidade españolas competentes para efectos de emisión do informe previsto no artigo 26.

No caso de tratarse de titulacións universitarias conxuntas con países cuxas axencias non formen parte do dito rexistro ou non dispoñan de axencias de avaliación da calidade, será necesario que o título conxunto conte con informe favorable da ANACA ou da axencia de avaliación da comunidade autónoma onde radique a universidade española solicitante.

2. En todo caso, así mesmo, a universidade ou as universidades poderán utilizar o Procedemento Europeo para a Garantía da Calidade dos Programas Conxuntos adoptado polos ministros europeos responsables de educación superior (*European Approach for Quality Assurance of Joint Programmes*) nas diferentes etapas do proceso

de avaliación, modificación substancial e acreditación, sempre que o país da universidade coordinadora subscribise este acordo.

3. O prazo para a renovación da acreditación destas titulacións será o que determine a normativa do país onde se emitiu o informe de avaliación externa.

4. No caso de que o título universitario conxunto de grao tivese unha carga crediticia diferente da establecida por este real decreto, será necesario, previamente á súa autorización, dispor de informe favorable da ANACA ou da axencia da avaliación da comunidade autónoma onde radique a universidade española solicitante.

5. A xestión dos expedientes académicos do estudantado, a normativa académica, a emisión dos títulos e do suplemento europeo ao título, así como o prezo da prestación do servizo académico quedarán reflectidos no convenio suscrito entre as universidades que promoven a titulación conxunta. En todo caso, a universidade ou as universidades españolas sempre contarán cunha copia do expediente dos e das estudantes matriculados.

Disposición adicional sétima. *Titulacións universitarias conxuntas internacionais no marco do Programa de universidades europeas da Comisión Europea.*

1. As ensinanzas oficiais de grao, de máster e de doutoramento conxuntas que se desenvolvan como parte indisoluble dun proxecto aprobado no marco da convocatoria oficial da Comisión Europea do Programa de universidades europeas (Erasmus+ European Universities), en que participen unha ou varias universidades españolas, serán obxecto dunha serie de especificidades en materia de avaliación da calidade da memoria e na súa acreditación, na matriculación do estudantado, na xestión do expediente do ou da estudante, e na emisión do título.

2. Para efectos do anterior, enténdese por título conxunto o correspondente a un único plan de estudos oficial deseñado e participado por todas ou, como mínimo, tres das universidades do consorcio que conformaron as universidades que participan nunha determinada alianza e que subscribiron o correspondente convenio.

3. A memoria do plan de estudos dos títulos universitarios oficiais de grao, de máster e de doutoramento conxuntos internacionais en que participe unha ou varias universidades españolas no marco dunha convocatoria do Programa de universidades europeas poderá ser avaliada por unha axencia de calidade dun dos países a que pertencen as universidades que promoven o título, sempre e cando esta axencia estea inscrita no Rexistro Europeo de Axencias de Aseguramento da Calidade na Educación Superior (EQAR, na súa sigla en inglés) ou teña esa consideración na respectiva lexislación nacional –se for o caso, por parte do órgano de avaliación establecido no país–. O informe resultado desa avaliación será válido para todos os efectos no procedemento de verificación dun título universitario oficial en España. Este mesmo procedemento poderá implementarse para as modificacións substanciais dos plans de estudos e para a renovación da acreditación dun título universitario oficial.

4. As memorias dos plans de estudos conducentes a titulacións conxuntas de grao, máster ou doutoramento oficial de tres ou máis universidades (sempre que inclúan unha ou varias universidades españolas) que participen nun proxecto aprobado no marco dunha convocatoria do Programa das universidades europeas da Comisión Europea, poderán utilizar o Procedemento Europeo para a Garantía da Calidade dos Programas Conxuntos adoptado polos ministros europeos responsables de educación superior (*European Approach for Quality Assurance of Joint Programmes*), nas diferentes etapas do proceso de verificación, seguimento, modificación substancial dos plans de estudos e renovación da acreditación do título universitario oficial, sempre que o país da universidade coordinadora subscribise este acordo.

5. O prazo para a renovación da acreditación destas titulacións será o que determine a normativa do país onde se emitiu o informe de avaliación externa.

6. Se o informe emitido pola axencia de aseguramento da calidade é positivo, este será remitido ao Consello de Universidades co obxecto de que este dite a correspondente resolución de verificación, e serán informadas todas as universidades

que promoven o título, así como a comunidade autónoma ou as comunidades autónomas da universidade ou universidades españolas participantes, e o Ministerio de Universidades. Posteriormente, unha vez autorizada a súa implantación pola correspondente comunidade autónoma, procederase conforme o establecido no artigo 27.

7. O nivel de aprendizaxe alcanzado e superado polos e polas estudantes nas ensinanzas oficiais de grao e de máster expresarase mediante as cualificacións que se establezan no convenio. Así mesmo, deberase dispor da táboa de equivalencias co marco de cualificacións dos países implicados na titulación. De igual modo, deberá especificarse o procedemento de avaliación que se seguirá no caso do programa de doutoramento conxunto.

8. De forma excepcional, nestas ensinanzas conxuntas internacionais conducentes á obtención de títulos universitarios oficiais no marco da convocatoria do Programa das universidades europeas, os prezos dos servizos académicos fixaraos o consorcio e quedarán reflectidos no convenio, e estarán relacionados cos custos de prestación do servizo do conxunto dos países implicados.

9. A xestión dos expedientes académicos do estudantado matriculado nestes títulos universitarios oficiais conxuntos, a normativa académica, a emisión dos títulos e do suplemento europeo ao título quedará reflectida no convenio suscrito entre as universidades de cada alianza, que definirá a súa forma de concreción. En todo caso, a universidade ou as universidades españolas sempre contarán cunha copia do expediente dos e das estudantes matriculados.

10. A duración dos títulos universitarios oficiais implicados nestes proxectos académicos conxuntos dentro do Programa de universidades europeas poderá ser diferente da establecida no presente real decreto, en canto que así se establecese no proxecto aprobado pola Comisión Europea na respectiva convocatoria e reciba o informe favorable dunha axencia de calidade, tal e como se indica nos números 3 e 4.

Disposición adicional oitava. *Procedemento de verificación e de renovación da acreditación de titulacións universitarias conxuntas internacionais Erasmus Mundus.*

1. Considerarase, para todos os efectos, que as ensinanzas oficiais universitarias promovidas a través de consorcios internacionais en que participen universidades españolas e estranxeiras que, tendo sido avaliadas e seleccionadas pola Comisión Europea en convocatorias competitivas, obtivesen o selo Erasmus Mundus contan co informe favorable de verificación a que se refire o artigo 26 do presente real decreto.

2. A universidade española solicitante que participa nun determinado programa Erasmus remitirá ao Ministerio de Universidades o plan de estudos aprobado pola Comisión Europea, ao cal xuntará o convenio suscrito polos participantes no consorcio e o escrito xustificativo de ter alcanzado o selo Erasmus Mundus, así como a documentación que proporcione a información imprescindible para a inscrición do título no RUCT.

3. O Ministerio de Universidades enviará o expediente ao Consello de Universidades para efectos de emitir a correspondente resolución de acordo co disposto no artigo 26.

4. Entenderase que estas titulacións cumpren co requisito de renovación da súa acreditación mentres siga en vigor o selo Erasmus Mundus. Concluído o prazo de vixencia, se non se obtén a renovación deste, as universidades que queiran continuar impartindo o plan de estudos da dita titulación deberán solicitar a súa modificación substancial sen a cualificación de Erasmus Mundus.

Disposición adicional novena. *Programas académicos con percorridos sucesivos no ámbito da enxeñaría e da arquitectura.*

1. As universidades, no ámbito da súa autonomía, poderán ofertar como experiencia docente piloto programas académicos como percorridos sucesivos –ciclos consecutivos–, que vinculen un título de grao e un título de máster universitario orientado

á especialización profesional, mantendo a súa diferenciación e independencia estrutural. Estes programas teñen como finalidade reforzar a formación integral do ou da estudante. En ningún caso, a denominación do programa académico poderá inducir a confusión coa posible habilitación profesional a que poidan conducir os títulos que o integran.

2. A ordenación académica proposta para o programa académico deberá ter obtido informe favorable da axencia de calidade competente. A oferta destes programas académicos non constituirá en ningún caso unha nova inscrición no RUCT.

3. As universidades poderán establecer, mediante unha normativa aprobada polos seus órganos de goberno, un procedemento para o acceso aos estudos oficiais de máster universitario destes programas sen ter superado o grao vinculado. Este consistirá en permitir que un ou unha estudante de grao vinculado a que lle reste por superar o TFG e unha ou varias disciplinas que en ningún caso, de forma conxunta (TFG e disciplinas), poderán superar os 30 créditos ECTS, poida acceder e matricularse no máster universitario vinculado. En ningún caso poderá obter o título de máster universitario se previamente non obtivo o título universitario oficial de graduada ou graduado. As universidades garantirán a prioridade na matrícula dos e das estudantes que dispoñan do título universitario oficial de grao.

4. Queda expresamente prohibida a reserva de praza no máster universitario implicado nun programa académico con percorridos sucesivos no ámbito da enxeñaría e da arquitectura, para aqueles estudantes que o cursen desde o grao. De igual modo, un ou unha estudante que o curse poderá abandonar este programa académico específico en calquera momento tanto se está matriculado no grao como no máster universitario.

Disposición adicional décima. *Adscrición ao nivel 3 (máster) do MECES de determinados títulos de grao.*

1. Os títulos de grao de ao menos 300 créditos que comprendan un mínimo de 60 créditos de nivel de máster poderán obter a adscrición ao nivel 3 (máster) do MECES mediante resolución do Consello de Universidades.

2. As universidades que pretendan a citada adscrición dos seus títulos deberán presentar a correspondente solicitude ao Consello de Universidades a través da unidade tramitadora competente da Secretaría Xeral de Universidades. A solicitude poderá realizarse de maneira simultánea á solicitude de verificación do plan de estudos ou a partir da declaración do carácter oficial do título coa súa inscrición no RUCT.

3. O Consello de Universidades adoptará no prazo de seis meses a oportuna resolución tras a comprobación do cumprimento das condicións requiridas para alcanzar a referida adscrición, logo de informe favorable do órgano de avaliación externa competente. En caso de falta de resolución e notificación en prazo, entenderase desestimada a solicitude presentada.

4. Das resolucións do Consello de Universidades darase traslado ao RUCT, para os efectos da súa constancia neste.

5. Unha vez obtida a adscrición ao nivel 3 (máster) do MECES, esta terá efectos para todos os graduados e graduadas da titulación co plan de estudos avaliado, con independencia da data de terminación dos seus estudos, salvo que para a súa obtención se tivesen que realizar modificacións no plan de estudos, caso en que só será aplicable aos graduados e graduadas con posterioridade a tal modificación.

6. Cando as modificacións introducidas nun título de grao adscrito ao nivel 3 do MECES comporten a perda dalgunha das condicións necesarias para a adscrición a este nivel, o órgano de avaliación competente para a súa tramitación fará constar esta circunstancia no seu informe de avaliación co fin de que o Consello de Universidades decida sobre a revogación do dito recoñecemento e, se for o caso, dea o correspondente traslado ao RUCT.

7. Contra as resolucións do Consello de Universidades nesta materia poderá interperse o recurso previsto no artigo 26, número 10. A resolución da reclamación pon fin á vía administrativa de acordo co establecido no artigo 114.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Disposición adicional décimo primeira. *Réximes específicos.*

1. O título de doutora ou doutor outorgado polo Instituto Universitario Europeo de Florencia é equivalente para todos os efectos ao título de doutora ou doutor expedido por unha universidade española de conformidade con este real decreto.

2. Os enxeñeiros de Armamento e Material, os enxeñeiros de Construción e Electricidade e os enxeñeiros de Armas Navais poderán obter os títulos oficiais de máster e de doutora ou doutor conforme o disposto no Decreto 3058/1964, do 28 de setembro, polo que se constitúen como escolas técnicas superiores a Politécnica do Exército e a de Enxeñeiros de Armas Navais e se establecen as condicións para outorgar o título de doutor aos enxeñeiros de Armamento e Construción do Exército e aos de Armas Navais, e normas concordantes. Para estes efectos, deberán cumprir os requisitos xerais sobre estudos de grao e máster establecidos neste real decreto que resulten de aplicación, e as condicións específicas que, ao respecto, estableza o Ministerio de Defensa.

3. A experiencia profesional e os estudos das ensinanzas de perfeccionamento de oficiais e suboficiais das Forzas Armadas e os altos estudos da Defensa Nacional poderán ser recoñecidos de acordo co establecido no artigo 10, número 4, deste real decreto, coa limitación de créditos recoñecibles establecida no número 5 do mesmo artigo.

Disposición adicional décimo segunda. *Verificación do cumprimento das condicións para os títulos que habilitan para o acceso e exercicio dunha profesión regulada.*

O Ministerio de Universidades precisará os contidos específicos a que deberán axustarse as solicitudes para a obtención da verificación dos plans de estudos nos casos a que se refiren os artigos 14.8 e 17.6 deste real decreto, logo de informe do Consello de Universidades e oídos, se for o caso, os colexios e asociacións profesionais concernidos.

Disposición adicional décimo terceira. *Mencións nas titulacións que habilitan para o exercicio das profesións de mestre ou mestra en educación infantil e de mestre ou mestra en educación primaria.*

Con carácter excepcional, é posible cursar mencións previstas nos plans de estudos dos títulos universitarios oficiais de grao que habiliten para o exercicio das profesións de mestre en educación infantil ou mestre en educación primaria, nunha universidade distinta daquela en que se obtivo previamente o indicado título universitario. Neste caso, non se poderá expedir un novo título a aqueles que cursen tales mencións, polo que a universidade expedirá un certificado académico oficial que se considerará como documento válido para os efectos de acreditación da obtención de tal mención.

Disposición adicional décimo cuarta. *Principio de «non causar un dano significativo».*

En cumprimento do disposto no Plan de recuperación, transformación e resiliencia, no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia, e a súa normativa de desenvolvemento, na Comunicación da Comisión Guía técnica (2021/C 58/01) sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo», así como co requirido na Decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España, todas as actuacións que deban levarse a cabo en cumprimento do presente real decreto deberán respectar o chamado principio de non causar un prexuízo significativo ao ambiente.

Esta obrigaón inclúe o cumprimento das condicións específicas previstas no Compoñente 21 «Modernización e dixitalización do Sistema educativo, incluída a educación temperá de 0 a 3 anos», en particular na medida R3 «Reforma integral do Sistema universitario» do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, en que se enmarcan as ditas actuacións.

Disposición transitoria primeira. *Graos de 180 créditos.*

1. As ensinanzas universitarias oficiais de grao de 180 créditos ECTS que, no momento de entrada en vigor deste real decreto, teñan carácter oficial deberán solicitar unha modificación do seu plan de estudos para pasar este a dispor de 240 créditos, nun prazo de dous anos.

Os plans de estudos verificados no momento da entrada en vigor deste real decreto e que non obtivesen o seu carácter oficial deberán solicitar, así mesmo, unha modificación do seu plan de estudos para adaptarse a esta circunstancia. Para desenvolver este procedemento contarán coa colaboración e orientación tanto dos sistemas internos de garantía de calidade do centro como da axencia de calidade correspondente.

Estas modificacións tramitaranse conforme os procedementos regulados nos artigos 32 e 33 deste real decreto.

2. De forma excepcional, os estudantes matriculados nestes graos na entrada en vigor deste real decreto poderán finalizar os seus estudos coa duración iniciada no seu plan de estudos.

Disposición transitoria segunda. *Títulos en proceso de verificación ou de establecemento do seu carácter oficial con relación coas ramas de coñecemento.*

Sen prexuízo do establecido na disposición transitoria quinta, os títulos universitarios oficiais de grao ou de máster universitario que no momento da entrada en vigor deste real decreto se encontren en proceso de verificación por unha axencia de calidade ou de establecemento do seu carácter oficial manterán a súa adscrición ás ramas de coñecemento e todas aquelas cuestións académicas relacionadas coas ramas de coñecemento, co que non será necesario modificar a memoria en avaliación para adaptala á súa adscrición aos ámbitos do coñecemento e en todas aquelas cuestións implicadas.

Disposición transitoria terceira. *Adaptación das titulacións ao formato das modalidades docentes presencial, híbrida e virtual.*

Os títulos de grao e de máster que, no momento de entrada en vigor deste real decreto, dispoñan dunhas modalidades docentes cuxas porcentaxes de créditos foren diferentes aos intervalos establecidos na presente norma disporán de até tres anos para adaptarse ao fixado nela.

Disposición transitoria cuarta. *Axencias de aseguramento da calidade en proceso de inscrición no EQAR.*

As axencias de aseguramento da calidade das comunidades autónomas que, no momento de entrada en vigor deste real decreto, aínda non estean inscritas no Rexistro Europeo de Axencias de Aseguramento da Calidade na Educación Superior (*The European Quality Assurance Register for Higher Education, EQAR*), disporán dun período transitorio de catro anos nos cales poderán seguir desenvolvendo as funcións que lles son propias e que se establecen nesta norma con relación aos procedementos de garantía da calidade universitaria.

Disposición transitoria quinta. *Adaptación da adscrición aos ámbitos de coñecemento e da memoria de verificación do plan de estudos.*

1. Os títulos universitarios oficiais deberán adscribirse a un ámbito de coñecemento no prazo máximo de catro anos contados desde a entrada en vigor deste real decreto. Para tal efecto, a universidade solicitará a correspondente modificación e poderá optar por modificar tan só os aspectos relacionados coa adscrición a un determinado ámbito

de coñecemento ou ben adaptar a memoria de verificación do plan de estudos ao modelo establecido no presente real decreto.

2. Así mesmo, a memoria de verificación dos plans de estudos deberá adaptarse ao modelo establecido no anexo II cando a universidade propoña unha modificación substancial da citada memoria.

Disposición transitoria sexta. *Másters oficiais cunha duración diferente á establecida neste real decreto.*

Os másters universitarios oficiais que, no momento de entrada en vigor desta norma, se estruturen nun número de créditos ECTS diferente do establecido nela disporán de, como máximo, tres anos para adaptarse. Para isto deberán solicitar unha modificación substancial do seu plan de estudos para pasar este a dispor de 60, 90 ou 120 créditos, de forma previa á renovación da súa acreditación.

Disposición transitoria sétima. *Denominación dos másters propios das universidades.*

Os másters propios das universidades disporán de dous anos, desde o momento de entrada en vigor desta norma, para adaptar a súa denominación ao formato establecido no artigo 37.

Disposición transitoria oitava. *Ensinanzas universitarias oficiais que contén cun recoñecemento dual.*

1. Os títulos universitarios oficiais de grao e de máster que, no momento de entrada en vigor deste real decreto, contén cun recoñecemento dual outorgado por unha axencia de aseguramento da calidade competente deberán solicitar unha modificación do seu plan de estudos para adaptarse aos requisitos establecidos no artigo 22 deste real decreto. Estas modificacións tramitaranse conforme os procedementos regulados nos artigos 32 e 33 deste real decreto.

2. De forma excepcional, os estudantes matriculados nos títulos universitarios oficiais de grao e de máster que, no momento de entrada en vigor deste real decreto, contén cun recoñecemento similar outorgado por unha axencia de aseguramento da calidade competente poderán finalizar os seus estudos co dito recoñecemento.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derrogado o Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1558/1986, do 28 de xuño, polo que se establecen as bases xerais do réxime de concertos entre as universidades e as institucións sanitarias.*

Modifícase o Real decreto 1558/1986, do 28 de xuño, polo que se establecen as bases xerais do réxime de concertos entre as universidades e as institucións sanitarias, da seguinte forma:

Único. Modifícase a base quinta do artigo 4, que queda redactada nos seguintes termos:

«Quinta. Utilizarase a denominación «hospital universitario» cando o concerto se refira ao hospital no seu conxunto ou abranga o 75 por cento dos seus servizos ou unidades asistenciais. No caso de que só se concerten algúns servizos, falarase de «hospital asociado á universidade». O mesmo se aplicará aos centros de atención primaria.

Os hospitais universitarios non poderán estar vinculados por concerto ou convenio a máis dunha universidade para a impartición dunha mesma titulación, salvo situacións excepcionais, en que a universidade inicialmente conveniada deberá estar de acordo na ampliación a outra ou a outras universidades da actividade dese hospital universitario. En todo caso, existe a posibilidade de realización de prácticas académicas por outra universidade diferente da universidade vinculada baixo convenio específico e coa autorización previa da universidade vinculada.

Así mesmo, será necesaria a harmonización da capacidade formativa do Sistema público sanitario no ámbito de hospitais públicos universitarios e universidades públicas.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 1509/2008, do 12 de setembro, polo que se regula o Rexistro de Universidades, Centros e Títulos.*

A alínea b) do artigo 15.1 do Real decreto 1509/2008, do 12 de setembro, polo que se regula o Rexistro de Universidades, Centros e Títulos, queda redactada como segue:

«b) Denominación do título. No caso dos títulos correspondentes a ensinanzas de grao e máster indicárase o ámbito de coñecemento a que están adscritos.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais.*

O Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais modifícase nos seguintes termos:

Un. O número 6 do artigo 11 queda redactado como segue:

«6. No suposto de que a tese doutoral se realice cotutelada por dous ou máis doutores dunha universidade española e outra estranxeira, conforme o previsto no artigo 15.2 do Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, no anverso do título farase constar unha dilixencia co seguinte texto: "Tese en réxime de cotutela coa universidade U".»

Dous. A alínea h) do número 1 do artigo 17 queda redactada da seguinte forma:

«h) Mención das causas legais que, se for o caso, afecten a eficacia do título. Se a causa legal é a defunción do titular, o dato da defunción farase constar no reverso do título. Cando así proceda, farase constar se se trata de expedición dun duplicado, así como das causas que motivaron a dita expedición.»

Disposición derradeira cuarta. *Título competencial.*

O presente real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a e 30.^a da Constitución española, que atribúen ao Estado a competencia exclusiva para a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais, e a competencia exclusiva para a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e as normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución española, co fin de garantir o cumprimento das obrigacións dos poderes públicos nesta materia educativa, respectivamente.

Disposición derradeira quinta. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

1. Habilítase a persoa titular do Ministerio de Universidades para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación do disposto neste real decreto.

2. Así mesmo, habilítase a persoa titular do Ministerio de Universidades, oído o Consello de Universidades, para modificar ou actualizar os anexos deste real decreto mediante orde ministerial.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos 20 días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de setembro de 2021.

FELIPE R.

O ministro de Universidades,
MANUEL CASTELLS OLIVÁN

ANEXO I**Ámbitos do coñecemento**

Os ámbitos do coñecemento nos cales se inscribirán os títulos universitarios oficiais de grao e de máster serán os seguintes:

- Actividade física e ciencias do deporte.
- Arquitectura, construción, edificación e urbanismo, e enxeñaría civil.
- Bioloxía e xenética.
- Bioquímica e biotecnoloxía.
- Ciencias agrarias e tecnoloxía dos alimentos.
- Ciencias biomédicas.
- Ciencias do comportamento e psicoloxía.
- Ciencias económicas, administración e dirección de empresas, márketing, comercio, contabilidade e turismo.
- Ciencias da educación.
- Ciencias ambientais e ecoloxía.
- Ciencias sociais, traballo social, relacións laborais e recursos humanos, socioloxía, ciencia política e relacións internacionais.
- Ciencias da Terra.
- Dereito e especialidades xurídicas.
- Enfermaría.
- Estudos de xénero e estudos feministas.
- Farmacia.
- Filoloxía, estudos clásicos, tradución e lingüística.
- Física e astronomía.
- Fisioterapia, podoloxía, nutrición e dietética, terapia ocupacional, óptica e optometría e logopedia.
- Historia da arte e da expresión artística, e belas artes.
- Historia, arqueoloxía, xeografía, filosofía e humanidades.
- Industrias culturais: deseño, animación, cinematografía e produción audiovisual.
- Enxeñaría eléctrica, enxeñaría electrónica e enxeñaría da telecomunicación.
- Enxeñaría industrial, enxeñaría mecánica, enxeñaría automática, enxeñaría da organización industrial e enxeñaría da navegación.
- Enxeñaría informática e de sistemas.
- Enxeñaría química, enxeñaría dos materiais e enxeñaría do medio natural.
- Matemáticas e estatística.
- Medicina e odontoloxía.
- Xornalismo, comunicación, publicidade e relacións públicas.
- Química.
- Veterinaria.
- Interdisciplinar.

ANEXO II**Modelo de memoria para a solicitude de verificación do plan de estudos dun título universitario oficial***Presentación*

O plan de estudos configura o proxecto de título universitario oficial de grao e máster que deben presentar as universidades para a súa correspondente verificación polo Consello de Universidades logo do informe favorable da axencia de calidade correspondente, para posteriormente, unha vez obtida a autorización da comunidade autónoma, establecer o seu carácter oficial mediante acordo do Consello de Ministros, a posterior inscrición no RUCT e a súa publicación no BOE.

O proxecto constitúe o compromiso da institución sobre as características do título e as condicións en que se van desenvolver as ensinanzas, que concretan o proxecto académico formativo que o define. Na fase de acreditación, a universidade deberá xustificar o axuste do desenvolvemento e despregamento do título co proposto no proxecto de memoria presentada ou, en todo caso, xustificar as causas académicas, infraestruturais ou de dispoñibilidade de profesorado que explican o desaxuste e as accións realizadas en cada un dos ámbitos.

A formalización da memoria do plan de estudos que acompañará a solicitude de verificación dos plans de estudos materializarase nun ficheiro electrónico de intercambio aberto, que será remitido aos órganos de avaliación externa competentes a través do soporte informático habilitado para o efecto pola ANACA, facilitado mediante convenio a outras axencias, ou mediante outros soportes propios delas, que, pola súa vez, conectarán co soporte informático do Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT).

A configuración e terminoloxía empregada na memoria do plan de estudos deberá estar aliñada cos criterios e directrices para o aseguramento da calidade no espazo europeo de educación superior (*Standards and Guidelines for Quality Assurance in the European Higher Education Area, ESG*), para facilitar os títulos conxuntos internacionais e o recoñecemento internacional dos títulos universitarios españois.

A extensión da memoria límitase a un máximo de 10.000 palabras, que poderán conter referencias a documentos oficiais da universidade (convenios, normativas ou acreditacións institucionais) ou do centro, con hipervínculos, se for o caso, á súa localización na web institucional do centro ou da universidade.

Estes documentos oficiais poderán referirse a aspectos comúns a un conxunto de plans de estudos da universidade, e deberán estar accesibles publicamente, sen necesidade de incorporalos na súa literalidade en cada memoria do plan de estudos. Todo isto sen prexuízo de que no plan de estudos se poidan establecer desenvolvementos particulares destes aspectos comúns, se se considera imprescindible e sen exceder o límite de extensión.

En particular, se o centro universitario responsable do plan de estudos está acreditado institucionalmente, non será necesario achegar evidencias que afecten o plan de estudos que se propón verificar e que xa fosen obxecto de avaliación no procedemento de acreditación institucional.

1. Descrición, obxectivos formativos e xustificación do título

1.1 Denominación completa do título en castelán, que pode ser en inglés ou outro idioma en caso de que todo o título se imparta neste idioma. Tamén poderá ter denominación bilingüe.

1.2 Ámbito de coñecemento a que se adscribe.

1.3 Se for o caso, mencións do título de grao e especialidades no título de máster universitario.

1.4 Universidade ou universidades, no caso de títulos conxuntos, que imparten as ensinanzas.

1.4.bis) No caso de títulos conxuntos, universidade solicitante responsable dos procedementos de verificación, renovación da acreditación, modificación ou extinción. Nestes casos débese achegar o correspondente convenio suscrito por todas as universidades participantes.

1.5 Centro ou centros universitarios en que se imparte este título na universidade ou nas universidades.

1.5.bis) No caso de títulos de grao ou de máster universitario impartidos en varios centros, centro responsable que asume a coordinación para un desenvolvemento harmonizado das ensinanzas.

- 1.6 Modalidade de ensino: presencial, híbrida e virtual.
- 1.7 Número total de créditos.
- 1.8 Idioma ou idiomas de impartición.
- 1.9 Número de prazas ofertadas no título.

1.9.bis) En caso de ser un título que combine unha modalidade presencial cunha modalidade virtual, identificaranse o número de prazas ofertadas en cada vía ou itinerario.

1.10 Xustificación do interese académico, científico, profesional e social do título e incardinación no contexto da planificación estratéxica da universidade ou do sistema universitario da comunidade autónoma.

1.11 Principais obxectivos formativos do título.

1.11.bis) Se for o caso, obxectivos formativos de mencións ou especialidades segundo o título.

1.12 Estructuras curriculares específicas, xustificación dos seus obxectivos.

1.13 Estratexias metodolóxicas de innovación docente específicas, xustificación dos seus obxectivos.

1.14 Perfís fundamentais de egreso a que se orientan as ensinanzas.

1.14.bis) Se for o caso, actividade profesional regulada para a que o título habilita o acceso.

2. Resultados do proceso de formación e de aprendizaxe

Os resultados do proceso de formación e de aprendizaxe que supón un título académico, e que se concretan en coñecementos ou contidos, competencias e habilidades ou destrezas asumidos polo estudiantado, deberán ter en conta os principios xerais da organización das ensinanzas universitarias oficiais establecidos neste real decreto, en especial aqueles fixados no artigo 3 e no artigo 4; e no caso de títulos que habilitan para o exercicio dunha actividade profesional regulada, axustarse ás disposicións establecidas na correspondente orde ministerial. Así mesmo, deberán estar aliñados co nivel MECES de cualificación do título no espazo europeo de educación superior (EEES) e ser coherentes coa denominación do título, o seu ámbito de coñecemento e o perfil de egreso.

Estes resultados deben ser avaliábeis e deben centrarse naqueles coñecementos ou contidos, competencias e habilidades ou destrezas academicamente relevantes e significativas que definen o proxecto formativo que é un título universitario oficial. O seu número non debe exceder en ningún caso a capacidade para a súa adquisición polo estudiantado, a viabilidade organizativa do plan de estudos nin a racionalidade do sistema de avaliación que valore o progreso na aprendizaxe.

Achegarase unha lista dos resultados fundamentais do proceso de formación e de aprendizaxe. A universidade identificará cada resultado de aprendizaxe, facendo referencia á súa clasificación (coñecementos ou contidos, competencias e habilidades ou destrezas).

3. Admisión, recoñecemento e mobilidade

3.1 Requisitos de acceso e procedementos de admisión de estudantes. Se for o caso, probas particulares de acceso ou criterios particulares de admisión.

3.2 Criterios para o recoñecemento e transferencias de créditos. No caso de ensinanzas que se extinguen pola implantación do correspondente título proposto, reflectiranse os recoñecementos no título que se vai implantar.

3.3 Procedementos para a organización da mobilidade dos estudantes propios e de acollida.

4. Planificación das ensinanzas

4.1 Estrutura básica das ensinanzas: descrición dos módulos, materias ou disciplinas do plan de estudos proposto, indicando para cada caso:

- a) Denominación.
- b) Número de créditos ECTS.
- c) Tipoloxía (básica, obrigatoria, optativa, prácticas académicas externas, traballo fin de titulación).
- d) Organización temporal.
- e) Resultados básicos de aprendizaxe (identificación dos máis relevantes).
- f) En caso de articularse o plan de estudos en módulos, achegarase a distribución de materias ou de disciplinas que comprenden –co seu respectivo número de créditos ECTS).

4.2 Descrición básica das actividades e metodoloxías docentes.

4.3 Descrición básica dos sistemas de avaliación.

4.4 Descrición básica das estruturas curriculares específicas.

5. Persoal académico e de apoio á docencia

5.1 Descrición dos perfís básicos do profesorado e doutros recursos humanos necesarios e dispoñibles para desenvolver adecuadamente o plan de estudos proposto.

5.2 Os perfís pódense describir de maneira agregada por ámbitos do coñecemento (con relación á docencia) ou áreas de coñecemento do profesorado implicado (entendéndose en termos do perfil da praza do profesorado), ben que se poderá descender a nivel do profesor ou da profesora implicados, sen necesidade neste caso de achegar información nominal.

5.3 Concretamente, achegarase a seguinte información:

- a) Denominación do ámbito de coñecemento ou da área de coñecemento.
- b) Número de profesores/as.
- c) Número de doutores/as.
- d) Categorias e acreditacións.
- e) Méritos docentes (só no caso do profesorado non acreditado)
- f) Méritos investigadores (só no caso do profesorado non doutor)
- g) Materias ou disciplinas en que están implicados.
- h) Número de ECTS asumidos nas materias ou disciplinas do plan de estudos.
- i) Dispoñibilidade docente (en ECTS) por ámbito de coñecemento ou área de coñecemento.

6. Recursos para a aprendizaxe: materiais e infraestruturais, prácticas e servizos

6.1 Xustificación de que os medios materiais e servizos dispoñibles propios e, se for o caso, concertados con outras entidades alleas á universidade, como espazos docentes, instalacións e equipamentos académicos; laboratorios; aulas de informática; equipamento científico, técnico, humanístico ou artístico; biblioteca e salas de lectura; e dispoñibilidade de novas tecnoloxías –internet, campus virtual docente–, etc., son os adecuados para garantir con calidade a adquisición de coñecementos ou contidos, competencias e habilidades ou destrezas e o desenvolvemento das actividades formativas planificadas, observando os criterios de accesibilidade universal e deseño para todas/os.

6.2 No caso de que se inclúan prácticas académicas externas, sinalarase brevemente o mecanismo de organización e, así mesmo, xuntarase como anexos os principais convenios ou compromisos das entidades, institucións, organizacións e empresas que recibirán o estudantado.

6.3 No caso de que non se dispoña de todos os recursos materiais e servizos necesarios no momento da proposta do plan de estudos, deberase indicar a previsión de adquisición destes.

7. Calendario de implantación

7.1 Cronograma de implantación do título –temporalización por cursos do despregamento do ensino, ou, se for o caso, despregamento por varios cursos ou total–.

7.2 Procedemento de adaptación, se for o caso, ao novo plan de estudos por parte do estudantado procedente da anterior ordenación universitaria.

7.3 Ensinanzas que se extinguen pola implantación do correspondente título proposto.

8. Sistema interno de garantía da calidade

8.1 A universidade identificará o Sistema interno de garantía da calidade (SIGC) aplicable ao título, que deberá ser conforme cos criterios e directrices para o aseguramento da calidade no espazo europeo de educación superior (ESG).

Para tal fin, facilitarase un acceso á documentación do SIGC, indicando, se for o caso, se se trata dun sistema institucional que foi obxecto de certificación externa.

8.2 Identificación dos medios de información pública relevante do plan de estudos dirixidos a atender as necesidades do estudantado.

Anexos

A universidade poderá incluír como anexos, se for o caso, propostas de desenvolvementos particulares para o título de determinadas normativas institucionais de organización académica con relación a especificidades da súa natureza académica ou profesionalizadora.